

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**21489** *LEI ORGÁNICA 16/2007, do 13 de decembro, complementaria da Lei para o desenvolvemento sustentable do medio rural.* («BOE» 299, do 14-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

### PREÁMBULO

Esta lei orgánica procede da desagregación da disposición adicional segunda do proxecto de Lei para o desenvolvemento sustentable do medio rural, cuxo contido, conforme os artigos 81 e 104 da Constitución, tiña carácter orgánico.

En consecuencia, atendendo ás directrices de técnica normativa que aconsellan incluír en textos distintos os preceptos de natureza ordinaria e os preceptos de natureza orgánica, tal como se desprende da xurisprudencia constitucional, a Mesa do Congreso dos Deputados, oída a Xunta de Voceiros, acordou a mencionada desagregación:

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza.*

Engádese unha nova disposición adicional quinta á dita lei orgánica coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. Colaboración para a prestación de servizos de policía local.

Nos supostos en que dous ou máis municipios limítrofes, pertencentes a unha mesma comunidade autónoma, non dispoñan separadamente de recursos suficientes para a prestación dos servizos de policía local, poderanse asociar para a execución das funcións asignadas ás ditas policía locais nesta lei.

En todo caso, o acordo de colaboración para a prestación de servizos polos corpos de policía local dependentes dos respectivos municipios respectará as condicións que determine o Ministerio do Interior e contará coa autorización deste ou, se é o caso, da comunidade autónoma correspondente conforme o que dispoña o seu respectivo estatuto de autonomía.»

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**21490** *LEI 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.* («BOE» 299, do 14-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### PREÁMBULO

Na sociedade actual incrementouse sensiblemente a preocupación polos problemas relativos á conservación do noso patrimonio natural e da nosa biodiversidade. A globalización dos problemas ambientais e a crecente percepción dos efectos do cambio climático; o progresivo esgotamento dalgúns recursos naturais; a desaparición, en ocasións irreversible, de gran cantidade de especies da flora e a fauna silvestres, e a degradación de espazos naturais de interese convertéronse en motivo de seria preocupación para os cidadáns, que reivindicaron o seu dereito a un ambiente de calidade que asegure a súa saúde e o seu benestar. Esta reivindicación é acorde co establecido na nosa Constitución, que, no seu artigo 45, reconece que todos teñen o dereito a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, exixíndolles aos poderes públicos que velen pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio, apoiándose para iso na indispensable solidariedade colectiva.

Neste marco, esta lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un ambiente axeitado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento. Igualmente, recóllense as normas e recomendacións

internacionais que organismos e réximes ambientais internacionais, como o Consello de Europa ou o Convenio sobre a diversidade biolóxica, foron establecendo ao longo dos últimos anos, especialmente no que se refire ao Programa de traballo mundial para as áreas protexidas, que é a primeira iniciativa específica a escala internacional dirixida ao conxunto de espazos naturais protexidos de todo o mundo. Na mesma liña, o Plan de Acción do Cumio Mundial de Desenvolvemento Sustentable de Johannesburgo (2002), avalado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e plasmado posteriormente no Plan estratéxico do Convenio sobre a diversidade biolóxica, Decisión VI/26, punto 11, da Conferencia das Partes Contratantes, fixou como misión «lograr para o ano 2010 unha redución significativa do ritmo actual de perda da diversidade biolóxica, a escala mundial, rexional e nacional, como contribución á mitigación da pobreza e en beneficio de todas as formas de vida na terra», e, posteriormente, a Decisión VII/30 aprobou o marco operativo para alcanzar ese obxectivo. A escala europea, a Comunicación da Comisión das Comunidades Europeas, COM (2006) 216, aprobada en maio de 2006, abordou os correspondentes instrumentos para «deter a perda de biodiversidade para 2010 e, máis adiante, avalar os servizos dos ecosistemas para o benestar humano», obxectivos que se pretende incorporar á lei que, en síntese, define uns procesos de planificación, protección, conservación e restauración, dirixidos a conseguir un desenvolvemento crecentemente sustentable da nosa sociedade que sexa compatible co mantemento e acrecentamento do patrimonio natural e da biodiversidade española.

Con esta finalidade, a lei establece que as administracións competentes garantirán que a xestión dos recursos naturais se produza cos maiores beneficios para as xeracións actuais, sen mengua da súa potencialidade para satisfacer as necesidades e aspiracións das xeracións futuras, velando polo mantemento e conservación do patrimonio, a biodiversidade e os recursos naturais existentes en todo o territorio nacional, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, atendendo ao seu ordenado aproveitamento e á restauración dos seus recursos renovables.

Os principios que inspiran esta lei céntranse, desde a perspectiva da consideración do propio patrimonio natural, no mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, na preservación da diversidade biolóxica, xenética, de poboacións e de especies, e na preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.

Malia que a protección da paisaxe se afirma como un dos principios da presente lei e nela se regulan aspectos puntuais da política de paisaxe, tales como a posibilidade de protexer algunhas delas mediante figuras máis xerais ou específicas de espazos naturais protexidos, a necesidade de que a análise das paisaxes forme parte do contido mínimo dos plans de ordenación dos recursos naturais, a súa utilización potencial como instrumento para dotar de coherencia e conectividade a Rede Natura 2000 e o fomento das actividades que contribúen á súa protección como externalidade positiva cando forme parte dun espazo protexido, esta lei non pretende, non obstante, ser o instrumento a través do cal se implantarán en España, de xeito xeneralizado, as políticas de protección da paisaxe como lexislación básica do artigo 149.1.23.<sup>a</sup>, políticas cuxo contido técnico e enfoque xeral, non exento de valor paradigmático, exixen a posta en marcha de instrumentos de xestión como os establecidos, con carácter de mínimos, no Convenio europeo da paisaxe, feito en Florencia o 20 de outubro do ano 2000, no seo do Consello de Europa e que serán introducidos na política ambiental española nun momento posterior.

Desde a perspectiva da utilización do patrimonio natural, os principios inspiradores céntranse: na prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística; na incorporación do principio de precaución nas intervencións que poidan afectar espazos naturais e/ou especies silvestres; en contribuír a impulsar procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais protexidos; na promoción da utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural; e na integración dos requirimentos da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade nas políticas sectoriais. Por último, tamén é principio básico a garantía da información e participación dos cidadáns no deseño e execución das políticas públicas, incluída a elaboración de disposicións de carácter xeral dirixidas a conseguir os obxectivos desta lei.

A lei derroga e substitúe a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, que, pola súa vez, en parte procedía da Lei do 2 de maio de 1975, de espazos naturais protexidos, e as sucesivas modificacións daquela. A Lei 4/1989 introduciu en España, desde unha perspectiva integral, o dereito de conservación da natureza internacionalmente homologable, consolidando o proceso iniciado a principios dos anos oitenta do século pasado mediante a ratificación de convenios multilaterais sobre, entre outras materias, zonas húmidas, tráfico internacional de especies ameazadas ou especies migratorias; e rexionais, sobre o patrimonio natural europeo a instancias do Consello de Europa, e debido á recepción do acervo comunitario con motivo da entrada de España nas Comunidades Europeas o 1 de xaneiro de 1986. Nos máis de trinta anos de vixencia destas normas, cubriuse unha importante etapa da política de conservación da natureza, que foi complementada pola Directiva Hábitats europea e as súas necesarias transposicións ao dereito español. Este marco nacional viuse articulado a través de normas autonómicas que, dentro da actual repartición de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, permitiron alcanzar un nivel relativamente adecuado na necesaria conservación do patrimonio natural e da biodiversidade española, ao xeneralizarse o dereito de conservación da natureza, mediante a promulgación de lexislación autonómica dentro do marco básico que supuxo a Lei 4/1989. A presente lei pretende avanzar neste proceso, aínda perfeccionable, cunha mellor transposición da normativa europea e cunha mellor articulación que debe ser garantía –cara ás xeracións futuras– de disposición dun patrimonio natural e unha biodiversidade mellores.

O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación coa saúde e o benestar das persoas, e pola súa achega ao desenvolvemento social e económico, polo que esta lei establece que as actividades encamiñadas á consecución dos seus fins poderán ser declaradas de utilidade pública ou interese social, para todos os efectos, e, en particular, para os efectos expropiatorios respecto dos bens ou dereitos que puidesen resultar afectados. Tamén se dispón a preferencia dos acordos voluntarios con propietarios e usuarios, en materia de planificación e xestión de espazos naturais protexidos e especies ameazadas. Igualmente, establécese a obriga de que todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velen pola conservación e a utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional e nas augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, e tendo en conta especialmente os hábitats ameazados e as especies silvestres en réxime de protección especial. Ademais, a lei recolle as competencias da

Administración xeral do Estado sobre biodiversidade mariña.

A lei establece que as administracións públicas deben dotarse de ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade española, e as causas que determinan os seus cambios; con base neste coñecemento, poderanse deseñar as medidas que cumprirá adoptar para asegurar a súa conservación, integrando nas políticas sectoriais os obxectivos e as previsións necesarios para a conservación e valoración do patrimonio natural, a protección da biodiversidade, a conservación e o uso sustentable dos recursos naturais, e o mantemento, e, se é o caso, a restauración, da integridade dos ecosistemas. Tamén é obriga das administracións públicas promover a participación e as actividades que contribúan a alcanzar os obxectivos da lei; identificar e eliminar ou modificar os incentivos contrarios á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade; promover a utilización de medidas fiscais para incentivar as iniciativas privadas de conservación da natureza; e fomentar a educación e información xeral sobre a necesidade de protexer as especies de flora e fauna silvestres e de conservar os seus hábitats, así como potenciar a participación pública, para cuxo fin se crea o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Adicionalmente, a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade exige dispor de mecanismos de coordinación e cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, para o cal se establece a obriga de subministrarse mutuamente a información precisa para garantir o cumprimento dos obxectivos desta lei e, para exercer as funcións que viña desenvolvendo a Comisión Nacional de Protección da Natureza e as novas establecidas por esta lei, créase a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade como órgano consultivo e de cooperación en materia de protección do patrimonio natural e a biodiversidade entre o Estado e as comunidades autónomas, cuxos informes ou propostas serán sometidos para aprobación ou coñecemento á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

O conxunto de obxectivos e instrumentos citados artículanse a través de seis títulos e as correspondentes disposicións adicionais, derradeiras e derogatorias.

O primeiro título recolle a regulación dos instrumentos precisos para o coñecemento e a planificación do patrimonio natural e a biodiversidade. Nel considérase, en primeiro lugar, o Inventario do patrimonio natural e da biodiversidade, como instrumento para recoller a distribución, abundancia, estado de conservación e a utilización dese patrimonio natural, con especial atención aos elementos que precisen medidas específicas de conservación, ou fosen declarados de interese comunitario; en particular, no inventario recolleranse os distintos catálogos e inventarios definidos na presente lei e un sistema de indicadores para coñecer de forma sintética o estado e a evolución do noso patrimonio natural. Elaborarao e manterao actualizado o Ministerio de Medio Ambiente, coa colaboración das comunidades autónomas e das institucións e organizacións de carácter científico. Partindo deste inventario, elaborárase anualmente un informe que será presentado ao Consello e á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente antes de facerse público.

O segundo compoñente do título primeiro fai referencia ao Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade, cuxa finalidade é establecer e definir os obxectivos, criterios e accións que promovan a conservación, o uso sustentable e, se é o caso, a restauración do patrimonio, recursos naturais terrestres e mariños e da biodiversidade. Incorporará un diagnóstico da situación e da evolución do patrimonio natural e da biodiversidade española, os obxectivos que se pretenden alcanzar

durante o seu período de vixencia e as accións que deberá desenvolver a Administración xeral do Estado, xunto ás estimacións orzamentarias necesarias para a súa execución. Elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración co resto de ministerios e, moi particularmente, cos de Agricultura, Pesca e Alimentación, e Fomento, contará coa participación das comunidades autónomas e será aprobado por Consello de Ministros. No seu desenvolvemento poderán existir plans sectoriais da Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, para integrar os obxectivos e accións do Plan estratéxico estatal nas políticas sectoriais, tanto no medio terrestre como mariño, sen prexuízo de que os plans de competencia doutros departamentos deban someterse, cando así proceda, á avaliación estratéxica de plans e programas. A elaboración dos plans sectoriais incluírá a consulta ás comunidades autónomas e aos sectores implicados, e a correspondente avaliación ambiental estratéxica. O Consello de Ministros, por proposta conxunta do Ministerio de Medio Ambiente e dos ministerios implicados, aprobará estes plans sectoriais mediante real decreto.

O terceiro compoñente do título I alude ao planeamento dos recursos naturais e mantén como instrumentos básicos deste os plans de ordenación dos recursos naturais e as directrices para a ordenación dos recursos naturais, creados na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, perfilando os primeiros como o instrumento específico das comunidades autónomas para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial. As disposicións contidas nestes plans constituirán un límite de calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, condición indispensable se se pretende atallar a grave deterioración que sobre a natureza produciu a acción do home. As directrices para a ordenación dos recursos naturais ditadas polo Goberno establecerán os criterios e normas básicas que deben recoller os plans das comunidades autónomas para a xestión e uso dos recursos naturais.

Todos os instrumentos de planificación considerados neste título I incluírán, necesariamente, trámites de información pública e de consulta aos axentes económicos e sociais, ás administracións públicas afectadas e ás organizacións sen fins lucrativos que persigan acadar os obxectivos desta lei, así como, se é o caso, a avaliación ambiental prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. Adicionalmente, a vontade desta lei de atender non só á conservación e restauración, senón tamén á prevención da deterioración dos espazos naturais, leva a manter os réximes de protección preventiva, recollidos na Lei 4/1989, aplicables a espazos naturais e ao referente á tramitación dun plan de ordenación dos recursos naturais, previndo a realización de actos, ou o outorgamento de autorizacións, licenzas ou concesións que habiliten para unha transformación que imposibilite lograr os obxectivos buscados se non existe informe favorable da administración actuante.

Incorpóranse á planificación ambiental ou aos plans de ordenación dos recursos naturais os corredores ecolóxicos, outorgándolles un papel prioritario ás vías pecuarias e ás áreas de montaña. Estes corredores ecolóxicos deben participar no establecemento da rede europea e comunitaria de corredores biolóxicos definidos pola Estratexia paneuropea de diversidade ecolóxica e paisaxística e pola propia Estratexia territorial europea. En particular, as comunidades autónomas poderán utilizar estes corredores ecolóxicos, ou a definición de áreas de

montaña, co fin de mellorar a coherencia ecolóxica, a funcionalidade e a conectividade da Rede Natura 2000.

O título II recolle a catalogación e conservación de hábitats e espazos do patrimonio natural, centrándose, en primeiro lugar, na catalogación de hábitats en perigo de desaparición, onde se incluíran aqueles cuxa conservación ou restauración exixa medidas específicas de protección e conservación. Os hábitats considerados no catálogo deben ser incluídos nalgún instrumento de xestión ou figura de protección de espazos naturais e ter un plan ou instrumento de xestión para a conservación e restauración. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e con informe previo do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estratexias de conservación e restauración dos hábitats en perigo de desaparición.

O segundo capítulo do título II establece o réxime especial para a protección dos espazos naturais, partindo da definición da Lei 4/1989, do 27 de marzo, coa incorporación específica das áreas mariñas protexidas, e a creación da rede de áreas mariñas protexidas, en liña coas directrices da Unión Europea, así como a posibilidade de crear espazos naturais protexidos transfronteirizos. A lei mantén a figura, definición e réximes de protección dos parques e das reservas naturais da Lei 4/1989, do 27 de marzo, adaptando a definición de paisaxes protexidas ao Convenio da paisaxe do Consello de Europa. A declaración e xestión dos espazos naturais protexidos corresponderalles, en todo caso, ás comunidades autónomas no ámbito territorial das cales estean situados. Para estes espazos a presente lei mantén a posibilidade de crear zonas periféricas de protección, a declaración de utilidade pública, para os efectos expropiatorios dos bens e dereitos afectados, así como a facultade da Administración competente para o exercicio dos dereitos de tanteo e retracto.

O terceiro capítulo do título II céntrase na Rede Ecolóxica Europea Natura 2000, composta polos lugares de importancia comunitaria, as zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves. Estes espazos terán a consideración de espazos protexidos, coa denominación específica de espazos protexidos Rede Natura 2000, co alcance e as limitacións que as comunidades autónomas establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación. As comunidades autónomas definirán estes espazos e darán conta deles ao Ministerio de Medio Ambiente para os efectos da súa comunicación á Comisión Europea, e fixarán as medidas de conservación necesarias, que implicarán medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais apropiadas, e asegurarán a súa inclusión en plans ou instrumentos axeitados, que respondan ás exixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas, vixiando o estado de conservación e remitíndolle a información que corresponda ao Ministerio de Medio Ambiente, que lle presentará o preceptivo informe cada seis anos á Comisión Europea. A definición destes espazos realizarase segundo os criterios fixados na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, que foi obxecto de transposición por norma de rango regulamentario.

Para asegurar a preservación dos valores que deron lugar á definición destas zonas, establécense as correspondentes cautelas, de forma que calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión dun espazo da Rede Natura 2000, ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable os citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, se someterá a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, de forma que as comunidades autónomas corresponden-

tes só manifestarán a súa conformidade co devandito plan, programa ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública. Neste sentido, acéptase que poderá realizarse o plan, programa ou proxecto, malia causar prexuízo, se existen razóns imperiosas de interese público de primeira orde que, para cada suposto concreto, fosen declaradas mediante unha lei ou mediante acordo, motivado e público, do Consello de Ministros ou do órgano de goberno da comunidade autónoma. Por último, establécese que só se poderá propor a descatalogación total ou parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000 cando así o xustifiquen os cambios xerados neste pola evolución natural, e logo de trámite de información pública.

O cuarto capítulo do título II céntrase nas áreas protexidas por instrumentos internacionais de conformidade con, e en cumprimento do disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes (zonas húmidas de importancia internacional, sitios naturais da Lista do patrimonio mundial, áreas mariñas protexidas do Atlántico do nordés, zonas especialmente protexidas de importancia para o mediterráneo (ZEPIM), xeoparques, reservas bioxenéticas do Consello de Europa, etc.), para as que o Ministerio de Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará, no marco do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e a biodiversidade, unhas directrices de conservación, que deberán ser aprobadas por acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, en paralelo coas correspondentes ás da Rede Natura 2000, como marco orientativo para a planificación e xestión destes espazos.

O título III céntrase na conservación da biodiversidade silvestre, e establece a obriga de que as comunidades autónomas adopten as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira. Prohibese a introdución de especies alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos, ou dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionalmente os animais silvestres; igualmente, prohibese a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos.

Créase a Listaxe de especies en réxime de protección especial co efecto de que a inclusión dun taxon ou poboación nesta levará consigo a avaliación periódica do seu estado de conservación e a prohibición de afectar negativamente a súa situación. No seo da Listaxe de especies en réxime de protección especial establécense o Catálogo español de especies ameazadas, que incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, os taxons ou poboacións ameazadas, que se incluírán nas categorías de «en perigo de extinción» ou «vulnerables», segundo o risco existente para a súa supervivencia. A inclusión dun taxon ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» poderá dar lugar á designación de áreas críticas que poden incluírse no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición, e mantense a obriga, recollida na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de redactar un plan de recuperación para asegurar a súa conservación. Para este plan, como en xeral para o resto de plans e instrumentos de xestión considerados na lei, dáse un prazo máximo de tres anos e recóllese a obriga de financeiros por parte do Goberno, a través do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Para as «vulnerables» actuarase de forma similar, aínda que o prazo se amplía a un máximo de cinco anos.

A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará as estratexias de conservación

de especies ameazadas, que constituirán o marco orientativo dos plans de recuperación e conservación que elaborarán e aprobarán as comunidades autónomas no ámbito terrestre.

Como complemento ás accións de conservación «in situ», para as especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas, a lei establece, no capítulo segundo deste título III, a obriga de impulsar o desenvolvemento de programas de cría ou propagación fóra do seu hábitat natural, en especial cando tales programas fosen previstos nas estratexias de conservación ou nos plans de recuperación ou conservación. Igualmente, co obxecto de preservar o patrimonio xenético e biolóxico das especies silvestres e de integrar nos programas de conservación as operacións «ex situ» e «in situ», a lei establece que as administracións públicas promoverán a existencia dunha rede de bancos de material biolóxico e xenético e un Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres no que se incluírán todos os datos dispoñibles para o efecto.

O capítulo terceiro do título III céntrase na crecente problemática das especies invasoras derivada da globalización de intercambios de todo tipo, creándose o Catálogo español de especies exóticas invasoras, no que se incluírán todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan, de feito, ou poidan chegar a constituir unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía, ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

O capítulo cuarto do título III regula a protección das especies en relación coa caza e coa pesca que, na súa condición de aproveitamento de recursos naturais, deben garantirse, pero limitando a súa aplicación aos espazos, datas, métodos de captura e especies que determinen as comunidades autónomas, que en ningún caso incluírán as especies da Listaxe de especies de interese especial, ou os métodos ou especies prohibidos pola Unión Europea. O Inventario español de caza e pesca manterá a información das poboacións, capturas e evolución xenética das especies cuxa caza ou pesca estean autorizadas, con especial atención ás especies migradoras.

Respecto aos catálogos, listaxes e inventarios de ámbito estatal regulados na lei, cabe sinalar que, na súa configuración, se seguiron dous modelos típicos do noso ordenamento xurídico: en primeiro lugar, aqueles que teñen un carácter esencialmente informativo e que se elaboran cos datos que subministren as comunidades autónomas, como é o caso do Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres, ou o Inventario español de caza e pesca; en segundo lugar, encóntranse aqueles que non se limitan a centralizar a información procedente das comunidades autónomas, senón que, ademais, se constitúen como un instrumento necesario para garantir complementariamente a consecución dos fins inherentes á lexislación básica; este modelo –que é o utilizado pola Lei 4/1989, do 27 de marzo, para configurar o Catálogo español de especies ameazadas e que foi apoiado polo Tribunal Constitucional na súa Sentenza 102/1995– resérvase exclusivamente para aquelas categorías de espazos ou especies cuxo estado de conservación presenta un maior grao de ameaza ou deterioración e, en consecuencia, para os que é necesario asegurar unhas normas mínimas e homoxéneas para todo o territorio que aseguren a correcta protección e restauración ou recuperación dos citados espazos e especies, como é o caso do Catálogo de hábitats en perigo de desaparición ou a Listaxe de especies en réxime de protección especial, que inclúe o citado Catálogo de especies ameazadas.

O título IV céntrase na promoción do uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade, cun primeiro capítulo centrado nas reservas da biosfera españolas, que

constitúen un subconxunto da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, do programa MaB (Persoa e Biosfera) da UNESCO. A regulación, caracterización e potenciación destas reservas de biosfera baséase no feito de que constitúen un modelo de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais, cos obxectivos básicos de conxugar a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas, cun desenvolvemento ambientalmente sustentable que produza a mellora do benestar da poboación, potenciando a participación pública, a investigación, a educación na integración entre desenvolvemento e ambiente, e a formación en novas formas de mellorar esa integración.

O capítulo segundo do título IV regula o acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e a repartición de beneficios derivados da súa utilización, de acordo co disposto no Convenio sobre a diversidade biolóxica e os seus instrumentos de desenvolvemento e, se é o caso, no Tratado internacional sobre recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO). O capítulo terceiro recolle o comercio internacional de especies silvestres, adecuando o seu desenvolvemento aos principios da sustentabilidade e, de acordo coa lexislación internacional, en particular a Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres, o Convenio sobre a diversidade biolóxica, o Tratado internacional sobre recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e á normativa comunitaria sobre protección das especies ameazadas, mediante o control do comercio. Por último, o capítulo cuarto deste título céntrase nos aspectos aplicables do mesmo convenio sobre a diversidade biolóxica e da organización mundial de propiedade intelectual, sobre promoción dos coñecementos tradicionais para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

O título V recolle as disposicións específicas dirixidas ao fomento do coñecemento, a conservación e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, incorporando a creación do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, que actuará como instrumento de cofinanciamento dirixido a asegurar a cohesión territorial e a consecución dos obxectivos desta lei, en particular a elaboración no prazo de tres anos dos plans e instrumentos de xestión previstos nela, así como os de pór en práctica as medidas encamiñadas a apoiar a xestión forestal sustentable, a prevención estratéxica de incendios forestais, a custodia do territorio e a protección de espazos naturais e forestais no financiamento dos cales participe a Administración xeral do Estado; igualmente, recóllese a concesión de axudas ás asociacións sen ánimo de lucro de ámbito estatal, para o desenvolvemento de actuacións que teñan como fin principal a conservación, restauración e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade; e a competencia das comunidades autónomas para establecer incentivos ás externalidades positivas dos terreos que estean situados en espazos declarados protexidos.

Como elemento imprescindible de aplicación dos principios e directivas europeas en materia de patrimonio natural e biodiversidade (previr mellor que curar; o que contamina paga; principio de precaución...), o título VI recolle as disposicións xerais, tipificación e clasificación das infraccións e a clasificación e prescrición das correspondentes sancións, así como a prevalencia da responsabilidade penal sobre a administrativa.

Con respecto á remisión a normas regulamentarias que se realiza en distintos artigos da lei para o seu desenvolvemento, cabe sinalar que en determinados casos se trata da aprobación de instrumentos planificadores mediante real decreto, na medida en que se complementa a consecución de obxectivos desta lei que, pola súa propia natureza, necesitan de certa forza vinculante e, ao

mesmo tempo, dun procedemento áxil de modificación que permita a súa adaptación a unha realidade cambiante; e, noutros casos, trátase de cuestións de organización administrativa ou de instrumentos financeiros estatais (p. ex., o funcionamento dos catálogos, a composición dos órganos de cooperación e coordinación ou o Fondo para o Patrimonio Natural) cuxa regulación detallada na lei os dotaría dunha rixidez excesiva.

Por último, a lei recolle unha disposición adicional relativa ao exercicio das competencias do Estado sobre espazos, hábitats e especies mariñas.

Exclúense do ámbito de aplicación da lei os recursos pesqueiros, xa que a súa protección, conservación e rexeneración, así como a regulación e xestión da actividade pesqueira destes é competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima en augas exteriores, aínda que condicionada á incorporación das medidas ambientais, de conformidade co establecido no artigo 130 do Tratado constitutivo da Unión Europea, así como no artigo 6 do Convenio sobre a diversidade biolóxica, feito en Río de Xaneiro o 5 de xuño de 1992.

Así, faise referencia á aplicación de Lei 3/2001 en todo o que respecta á protección, conservación e rexeneración dos recursos pesqueiros, en razón de que as medidas que integra e o ámbito mariño a que atinxe se incardinan na materia «pesca marítima», atribuída ao Estado con carácter exclusivo polo artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución (STC 38/2002, FX 11).

Ademais, faise unha salvagarda das competencias en materia de mariña mercante previstas na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, tal e como declarou o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 40/1998.

Por iso, a lei non afecta as competencias relativas á protección do medio mariño e prevención e loita contra a contaminación, atribuídas ao Ministerio de Fomento en todo o relativo ao que o Tribunal Constitucional denomina verteduras mar-mar.

A disposición adicional segunda regula as medidas adicionais de conservación no ámbito local e a terceira exclúe do ámbito de aplicación desta lei os recursos fitoxenéticos e os zootenéticos para agricultura e alimentación e os recursos pesqueiros, na medida en que están regulados pola súa normativa específica.

Outra disposición adicional regula a substitución do Consello Nacional de Bosques e da Comisión Nacional de Protección da Natureza polos respectivos Consello e Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

A disposición adicional quinta reproduce o contido da Lei 4/1989, do 27 de marzo, respecto á capacidade do Goberno para establecer limitacións temporais en relación coas actividades reguladas na lei, para o cumprimento dos tratados e convenios internacionais dos que España sexa parte, e a adicional sexta regula o réxime da UICN-MED.

Polo que respecta ás disposicións transitorias, a primeira establece que as especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas manterán a súa clasificación, cos efectos que estableza a normativa vixente no momento de entrada en vigor desta lei, mentres non se produza a adaptación a esta; e a segunda disposición transitoria establece prazos e mecanismos de financiamento dos plans e instrumentos de xestión considerados na lei.

Adicionalmente, inclúense oito anexos que incorporan os contidos na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, debidamente actualizados.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade como parte de deber de conservar e do dereito a gozar dun ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa establecido no artigo 45.2 da Constitución.

### Artigo 2. *Principios.*

Son principios que inspiran esta lei:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación da biodiversidade e da xeodiversidade.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural e, en particular, das especies e dos ecosistemas, así como a súa restauración e mellora.
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.
- e) A integración dos requirimentos da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade nas políticas sectoriais.
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos desa prevalencia.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar espazos naturais e/ou especies silvestres.
- h) A garantía da información e participación dos cidadáns no deseño e execución das políticas públicas, incluída a elaboración de disposicións de carácter xeral, dirixidas á consecución dos obxectivos desta lei.
- i) A contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais ou seminaturais.

### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

- 1) Áreas de montaña: territorios continuos e extensos, con altimetría elevada e sostida respecto aos territorios circundantes, cuxas características físicas causan a aparición de gradientes ecolóxicos que condicionan a organización dos ecosistemas e afectan os seres vivos e as sociedades humanas que nelas se desenvolven.
- 2) Área crítica para unha especie: aqueles sectores incluídos na área de distribución que coñeñan hábitats esenciais para a conservación favorable da especie ou que pola súa situación estratéxica para esta requiran o seu axeitado mantemento.
- 3) Biodiversidade ou diversidade biolóxica: variabilidade dos organismos vivos de calquera fonte, incluídos, entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos de que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas.
- 4) Coñecemento tradicional: o coñecemento, as innovacións e prácticas das poboacións locais ligados ao patrimonio natural e á biodiversidade, desenvolvidos desde a experiencia e adaptados á cultura e ao ámbito local.
- 5) Conservación: mantemento ou restablecemento en estado favorable do patrimonio natural e a biodiversidade, en particular dos hábitats naturais e seminaturais das poboacións de especies de fauna e de flora silvestres,

así como o conxunto de medidas necesarias para conseguilo.

6) Conservación in situ: conservación dos ecosistemas e os hábitats naturais e seminaturais, mantemento e recuperación de poboacións viábles de especies silvestres nos seus medios naturais e, no caso das especies domesticadas e cultivadas, nos medios en que desenvolveron as súas propiedades específicas.

7) Conservación ex situ: conservación de compoñentes da diversidade biolóxica fóra dos seus hábitats naturais.

8) Corredor ecolóxico: territorio de extensión e configuración variables que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies.

9) Custodia do territorio: conxunto de estratexias ou técnicas xurídicas a través das cales se implican os propietarios e usuarios do territorio na conservación e uso dos valores e os recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

10) Ecosistema: complexo dinámico de comunidades vexetais, animais e de microorganismos e o seu medio non vivente que interactúan como unha unidade funcional.

11) Especie autóctona: a existente dentro da súa área de distribución natural.

12) Especie autóctona extinguida: especie autóctona desaparecida no pasado da súa área de distribución natural.

13) Especie exótica invasora: a que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética.

14) Estado de conservación dun hábitat: situación derivada do conxunto das influencias que actúan sobre o hábitat natural ou seminatural de que se trate e sobre as especies típicas asentadas neste e que poden afectar a longo prazo a súa distribución natural, a súa estrutura e funcións, así como a supervivencia das súas especies típicas no territorio.

15) Estado de conservación favorable dun hábitat natural: cando a súa área de distribución natural é estable ou se amplía; a estrutura e funcións específicas necesarias para o seu mantemento a longo prazo existen e poden seguir existindo nun futuro previsible; e o estado de conservación das súas especies é favorable.

16) Estado de conservación favorable dunha especie: cando a súa dinámica poboacional indica que segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats a que pertence; a área de distribución natural non se está a reducir nin haxa ameazas de redución nun futuro previsible; existe e probablemente siga existindo un hábitat de extensión abunda para manter as súas poboacións a longo prazo.

17) Externalidade: todo efecto producido por unha acción que non era buscado nos seus obxectivos.

18) Xeodiversidade ou diversidade xeolóxica: variedade de elementos xeolóxicos, incluídos rochas, minerais, fósiles, solos, formas do relevo, formacións e unidades xeolóxicas e paisaxes que son o produto e rexistro da evolución da Terra.

19) Xeoparques ou parques xeolóxicos: territorios delimitados que presentan formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron. Tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xeografía.

20) Hábitats naturais: zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais.

21) Hábitat dunha especie: medio definido por factores abióticos e bióticos específicos onde vive a especie nunha das fases do seu ciclo biolóxico.

22) Instrumentos de xestión: baixo esta denominación inclúese calquera técnica de xestión dun espazo natural e dos seus usos que fose sometido a un proceso de información pública, fose obxecto dunha aprobación formal e fose publicado.

23) Material xenético: todo material de orixe vexetal, fúnxica, animal, microbiana ou doutro tipo que conteña unidades funcionais da herdanza.

24) Medidas compensatorias: son medidas específicas incluídas nun plan ou proxecto que teñen por obxecto compensar, o máis exactamente posible, o seu impacto negativo sobre a especie ou o hábitat afectado.

25) Obxectivo de conservación dun lugar: niveis poboacionais das diferentes especies, así como superficie e calidade dos hábitats que debe ter un espazo para alcanzar un estado de conservación favorable.

26) Paisaxe: calquera parte do territorio cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos, tal como a percibe a poboación.

27) Patrimonio natural: conxunto de bens e recursos da natureza fonte de diversidade biolóxica e xeolóxica que teñen un valor relevante ambiental, paisaxístico, científico ou cultural.

28) Recursos biolóxicos: os recursos xenéticos, os organismos ou partes deles, as poboacións ou calquera outro tipo do compoñente biótico dos ecosistemas de valor ou utilidade real ou potencial para a humanidade.

29) Recursos xenéticos: material xenético de valor real ou potencial.

30) Recursos naturais: todo compoñente da natureza susceptible de ser aproveitado polo ser humano para satisfacer as súas necesidades e que teña un valor actual ou potencial, tales como: a paisaxe natural, as augas, superficiais e subterráneas; o solo, subsolo e as terras pola súa capacidade de uso maior: agrícolas, pecuarias, forestais, cinxéticas e de protección; a biodiversidade; a xeodiversidade; os recursos xenéticos e os ecosistemas que lle dan soporte á vida; os hidrocarburos; os recursos hidroenerxéticos, eólicos, solares, xeotérmicos e similares; a atmosfera e o espectro radioeléctrico, os minerais, as rochas e outros recursos xeolóxicos renovables e non renovables.

31) Reservas de biosfera: territorios declarados como tales no seo do programa MaB, da UNESCO, ao que está adherido o Reino de España, de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais.

32) Restauración de ecosistemas: conxunto de actividades orientadas a restablecer a funcionalidade e capacidade de evolución dos ecosistemas cara a un estado maduro.

33) Taxon: grupo de organismos con características comúns.

34) Taxon extinguido: taxon autóctono desaparecido no pasado da súa área de distribución natural.

35) Taxons autóctonos: taxons existentes de forma natural nun lugar determinado, incluídos os extinguidos, se é o caso.

36) Uso sustentable do patrimonio natural: utilización dos seus compoñentes dun modo e a un ritmo que non ocasione a súa redución a longo prazo, co cal se manteñen as posibilidades da súa achega á satisfacción das necesidades das xeracións actuais e futuras.

37) Entidade de custodia do territorio: organización pública ou privada, sen ánimo de lucro, que leva a cabo iniciativas que inclúan a realización de acordos de custo-

dia do territorio para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

38) Patrimonio xeolóxico: conxunto de recursos naturais xeolóxicos de valor científico, cultural e/ou educativo, xa sexan formacións e estruturas xeolóxicas, formas do terreo, minerais, rochas, meteoritos, fósiles, solos e outras manifestacións xeolóxicas que permiten coñecer, estudar e interpretar: a) a orixe e evolución da Terra, b) os procesos que a modelaron, c) os climas e paisaxes do pasado e presente, e d) a orixe e evolución da vida.

#### Artigo 4. *Función social e pública do patrimonio natural e a biodiversidade.*

1. O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación co desenvolvemento, a saúde e o benestar das persoas e pola súa contribución ao desenvolvemento social e económico.

2. As actividades encamiñadas á consecución dos fins desta lei poderán ser declaradas de utilidade pública ou interese social para todos os efectos e, en particular, para os expropiatorios respecto dos bens ou dereitos que puideren resultar afectados.

3. Na planificación e xestión dos espazos naturais protexidos e as especies ameazadas fomentaranse os acordos voluntarios con propietarios e usuarios dos recursos naturais.

#### Artigo 5. *Deberes dos poderes públicos.*

1. Todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación e a utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional e nas augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, tendo en conta especialmente os hábitats ameazados e as especies silvestres en réxime de protección especial.

2. As administracións públicas:

a) Promoverán a participación e as actividades que contribúan a alcanzar os obxectivos da presente lei.

b) Identificarán e, na medida do posible, eliminarán ou modificarán os incentivos contrarios á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

c) Promoverán a utilización de medidas fiscais para incentivar as iniciativas privadas de conservación da natureza e desincentivar aquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.

d) Fomentarán, a través de programas de formación, a educación e información xeral, con especial atención aos usuarios do territorio, sobre a necesidade de protexer o patrimonio natural e a biodiversidade.

e) Dotaranse de ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e das causas que determinan os seus cambios para deseñar as medidas que proceda adoptar.

f) Integrarán nas políticas sectoriais os obxectivos e as previsións necesarios para a conservación e valoración do patrimonio natural, a protección da biodiversidade e a xeodiversidade, a conservación e o uso sustentable dos recursos naturais e o mantemento, e, se é o caso, a restauración da integridade dos ecosistemas.

#### Artigo 6. *Competencias da Administración xeral do Estado sobre biodiversidade mariña.*

Correspóndelle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Medio Ambiente, o exercicio das

funcións administrativas a que se refire esta lei, respectando o disposto nos estatutos de autonomía das comunidades autónomas do litoral, nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de espazos, hábitats ou áreas críticas situados en áreas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, sempre que non concorran os requisitos do artigo 36.1.

b) Cando afecten especies cuxos hábitats se sitúen nos espazos a que se refire o parágrafo anterior ou especies mariñas altamente migratorias.

c) Cando, de conformidade co dereito internacional, España teña que xestionar espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou en mar aberto.

#### Artigo 7. *Mecanismos de cooperación.*

1. As administracións públicas cooperarán e colaborarán en materia de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade e subministraranse mutuamente información para garantir o cumprimento dos obxectivos desta lei.

2. Créase a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, como órgano consultivo e de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas. A súa composición e funcións determinaranse regulamentariamente. Os informes ou propostas da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade serán sometidos para coñecemento ou aprobación á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

#### Artigo 8. *Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

Créase o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, como órgano de participación pública no ámbito da conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade, que emitirá informe, entre outros, sobre as normas e plans de ámbito estatal relativas ao patrimonio natural e á biodiversidade, e no que se integrarán, con voz pero sen voto, as comunidades autónomas e unha representación das entidades locais, a través da asociación de ámbito estatal máis representativa.

A súa composición e funcións serán determinados regulamentariamente, logo de consulta coas comunidades autónomas, garantíndose, en todo caso, a participación das organizacións profesionais, científicas, empresariais, sindicais e ecoloxistas máis representativas.

## TÍTULO I

### **Instrumentos para o coñecemento e a planificación do patrimonio natural e da biodiversidade**

#### CAPÍTULO I

### **Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade**

#### Artigo 9. *Obxectivos e contido do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, coa colaboración das comunidades autónomas e das institucións e organizacións de carácter científico, elaborará e manterá actualizado un Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, que recollerá a distribución, abundancia, estado de conservación e a utilización, así como cal-



quera outra información que se considere necesaria, de todos os elementos terrestres e mariños integrantes do patrimonio natural, con especial atención aos que precisen medidas específicas de conservación ou fosen declarados de interese comunitario.

2. O contido e estrutura do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade serán determinados regulamentariamente, logo de consulta coas comunidades autónomas, debendo formar parte deste, polo menos, a información relativa a:

1.º O Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

2.º A Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial incluíndo o Catálogo español de especies silvestres ameazadas.

3.º O Catálogo español de especies exóticas invasoras.

4.º O Inventario español de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.

5.º O Inventario e a Estatística forestal española.

6.º O Inventario español de bancos de material xenético referido a especies silvestres.

7.º O Inventario español de caza e pesca.

8.º O Inventario español de parques zoolóxicos.

9.º O Inventario español dos coñecementos tradicionais relativos ao patrimonio natural e a biodiversidade.

10.º Un Inventario de lugares de interese xeolóxico representativo de, polo menos, as unidades e contextos xeolóxicos recollidos no anexo VIII.

11.º Un Inventario español de hábitats e especies mariños.

3. Formará igualmente parte do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade un Inventario español de zonas húmidas, co fin de coñecer a súa evolución e, se é o caso, indicar as medidas de protección que deben recoller os plans hidrolóxicos de demarcación da lei de augas.

#### Artigo 10. *Sistema de indicadores.*

No Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade establecerase un sistema de indicadores para expresar de forma sintética os seus resultados, de forma que poidan ser transmitidos ao conxunto da sociedade, incorporados aos procesos de toma de decisións e integrados a escala supranacional. Os indicadores elaboraranse coa participación das comunidades autónomas.

Os indicadores *máis significativos incorporaranse ao* Inventario de operacións estatísticas do Ministerio de Medio Ambiente e ao Plan estatístico nacional.

#### Artigo 11. *Informe sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Partindo dos datos do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade e do sistema de indicadores, o Ministerio de Medio Ambiente elaborará, coas comunidades autónomas, anualmente un informe sobre o estado e a evolución do patrimonio natural e da biodiversidade, así como das iniciativas adoptadas para mantelo en bo estado de conservación. O informe conterá unha avaliación dos resultados alcanzados polas principais políticas adoptadas. Este informe seralles presentado ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, antes de facerse público.

## CAPÍTULO II

### Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade

#### Artigo 12. *Obxecto e contido do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. É obxecto do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade o establecemento e a definición de obxectivos, accións e criterios que promovan a conservación, o uso sustentable e, se é o caso, a restauración do patrimonio, recursos naturais terrestres e mariños e da biodiversidade e da xeodiversidade.

2. O Plan estratéxico estatal conterá, polo menos, os seguintes elementos:

a) Un diagnóstico da situación e da evolución do patrimonio natural e a biodiversidade e a xeodiversidade.

b) Os obxectivos cuantitativos e cualitativos que cómpre alcanzar durante o seu período de vixencia.

c) As accións que debe desenvolver a Administración xeral do Estado e as estimacións orzamentarias necesarias para a súa execución.

#### Artigo 13. *Elaboración e aprobación do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración co resto dos ministerios e, en especial, co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no que atinxe ás áreas mariñas e aos recursos pesqueiros, e co Ministerio de Fomento no que respecta á mariña mercante, elaborará o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.

Na elaboración dese plan participarán así mesmo as comunidades autónomas a través da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, que o enviará para a súa aprobación á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

2. O procedemento de elaboración do plan incluírá necesariamente trámites de información pública e consulta da comunidade científica, dos axentes económicos e sociais, das administracións públicas afectadas e das organizacións sen fins lucrativos que persigan lograr os obxectivos desta lei.

3. En todo caso, o plan será obxecto da avaliación ambiental prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

4. O plan será aprobado mediante real decreto, nun prazo máximo de dous anos, logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e deberá ser revisado, como máximo, cada seis anos.

#### Artigo 14. *Planificación sectorial.*

1. Co fin de integrar os seus obxectivos e accións nas políticas sectoriais que sexan competencia da Administración xeral do Estado, o Ministerio de Medio Ambiente e os ministerios afectados elaborarán de forma conxunta os plans sectoriais que desenvolvan o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade, tanto no medio terrestre como mariño.

2. A elaboración dos plans sectoriais incluírá a consulta ás comunidades autónomas e aos sectores implicados. Os plans serán obxecto da avaliación ambiental prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

3. O Consello de Ministros, por proposta conxunta do Ministerio de Medio Ambiente e dos ministerios impli-

cados, aprobará estes plans sectoriais mediante real decreto antes de 2012.

### CAPÍTULO III

#### Plans de ordenación dos recursos naturais

Artigo 15. *Da planificación dos recursos e espazos naturais que se deberán protexer.*

1. Os recursos naturais e, en especial, os espazos naturais que se deberán protexer, serán obxecto de planificación coa finalidade de adecuar a súa xestión aos principios inspiradores sinalados no artigo 2 desta lei.

2. Os instrumentos desta planificación, con independencia da súa denominación, terán os obxectivos e contidos establecidos nesta lei.

Artigo 16. *Plans de ordenación dos recursos naturais.*

1. Os plans de ordenación dos recursos naturais son o instrumento específico para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial, con independencia doutros instrumentos que poida establecer a lexislación autonómica.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará, no marco do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade, unhas directrices para a ordenación dos recursos naturais ás que, en todo caso, deberán axustarse os plans de ordenación dos recursos naturais que aproben as comunidades autónomas. As devanditas directrices serán aprobadas mediante real decreto, nun prazo máximo de dous anos, logo de informe de Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

3. É obxecto das devanditas directrices o establecemento e definición de criterios e normas xerais de carácter básico que regulen a xestión e uso dos recursos naturais, de acordo co establecido por esta lei.

Artigo 17. *Obxectivos.*

Son obxectivos dos plans de ordenación dos recursos naturais, sen prexuízo do que dispoña a normativa autonómica, os seguintes:

a) Identificar e xeorreferenciar os espazos e os elementos significativos do patrimonio natural dun territorio e, en particular, os incluídos no Inventario do patrimonio natural e a biodiversidade, os valores que os caracterizan e a súa integración e relación co resto do territorio.

b) Definir e sinalar o estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural, biodiversidade e xeodiversidade e dos procesos ecolóxicos e xeolóxicos no ámbito territorial de que se trate.

c) Identificar a capacidade e intensidade de uso do patrimonio natural e a biodiversidade e xeodiversidade e determinar as alternativas de xestión e as limitacións que deban establecerse á vista do seu estado de conservación.

d) Formular os criterios orientadores das políticas sectoriais e ordenadores das actividades económicas e sociais, públicas e privadas, para que sexan compatibles coas exixencias contidas na presente lei.

e) Sinalar os réximes de protección que procedan para os diferentes espazos, ecosistemas e recursos naturais presentes no seu ámbito territorial de aplicación, co obxecto de manter, mellorar ou restaurar os ecosistemas, a súa funcionalidade e conectividade.

f) Prever e promover a aplicación de medidas de conservación e restauración dos recursos naturais e os

compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade que o precisen.

g) Contribuír ao establecemento e á consolidación de redes ecolóxicas compostas por espazos de alto valor natural que permitan os movementos e a dispersión das poboacións de especies da flora e da fauna e o mantemento dos fluxos que garantan a funcionalidade dos ecosistemas.

Artigo 18. *Alcance.*

1. Os efectos dos plans de ordenación dos recursos naturais terán o alcance que establezan as súas propias normas de aprobación.

2. Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física existentes resulten contraditorios cos plans de ordenación dos recursos naturais deberán adaptarse a estes. Mentres esa adaptación non teña lugar, as determinacións dos plans de ordenación dos recursos naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre eses instrumentos.

3. Así mesmo, os plans de ordenación dos recursos naturais serán determinantes respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido dos plans de ordenación dos recursos naturais por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, caso en que a decisión deberá motivarse e facerse pública.

Artigo 19. *Contido mínimo.*

Os plans de ordenación dos recursos naturais terán, como mínimo, o seguinte contido:

a) Delimitación do ámbito territorial obxecto de ordenación, e descrición e interpretación das súas características físicas, xeolóxicas e biolóxicas.

b) Inventario e definición do estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade, dos ecosistemas e as paisaxes no ámbito territorial de que se trate, formulando un diagnóstico destes e unha previsión da súa evolución futura.

c) Determinación dos criterios para a conservación, protección, restauración e uso sustentable dos recursos naturais e, en particular, dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade no ámbito territorial de aplicación do plan.

d) Determinación das limitacións xerais e específicas que respecto dos usos e actividades deban establecerse en función da conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade.

e) Aplicación, se é o caso, dalgún dos réximes de protección de espazos naturais.

f) Establecemento dos criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial de aplicación do plan, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

g) Identificación de medidas para garantir a conectividade ecolóxica no ámbito territorial obxecto de ordenación.

h) Memoria económica acerca dos custos e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.

Artigo 20. *Corredores ecolóxicos e áreas de montaña.*

As administracións públicas preverán, na súa planificación ambiental ou nos plans de ordenación dos recursos naturais, mecanismos para lograr a conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo

corredores, en particular entre os espazos protexidos Rede Natura 2000 e entre aqueles espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade. Para iso outorgáraselles un papel prioritario aos cursos fluviais, ás vías pecuarias, ás áreas de montaña e outros elementos do territorio, lineares e continuos, ou que actúan como puntos de enlace, con independencia de que teñan a condición de espazos naturais protexidos.

As administracións públicas promoverán unhas directrices de conservación das áreas de montaña que atendan, como mínimo, aos valores paisaxísticos, hídricos e ambientais destas.

#### Artigo 21. *Elaboración e aprobación dos plans.*

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas elaborar e aprobar os plans de ordenación dos recursos naturais nos seus respectivos ámbitos de competencias.

2. O procedemento de elaboración dos plans incluírá necesariamente trámites de audiencia aos interesados, información pública e consulta dos intereses sociais e institucionais afectados e das organizacións sen fins lucrativos que persigan o logro dos obxectivos desta lei.

#### Artigo 22. *Protección preventiva.*

1. Durante a tramitación dun plan de ordenación dos recursos naturais ou delimitado un espazo natural protexido e mentres este non dispoña do correspondente plan regulador, non se poderán realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física e biolóxica que poida chegar a facer imposible ou dificultar de forma importante a consecución dos obxectivos dese plan.

2. Iniciado o procedemento de aprobación dun plan de ordenación dos recursos naturais e ata que esta se produza non se poderá outorgar ningunha autorización, licenza ou concesión que habilite para a realización de actos de transformación da realidade física, xeolóxica e biolóxica, sen informe favorable da Administración actuante.

3. O informe a que se refire o punto anterior deberá ser substanciado e emitido polo órgano ambiental da Administración actuante nun prazo máximo de noventa días.

#### Artigo 23. *Dos espazos naturais sometidos a réxime de protección preventiva.*

Cando das informacións obtidas pola comunidade autónoma se deducise a existencia dunha zona ben conservada, ameazada por un factor de perturbación que potencialmente puidese alterar tal estado, establecerase un réxime de protección preventiva consistente en:

a) A obriga dos titulares dos terreos de lles facilitar información e acceso aos axentes da autoridade e aos representantes das comunidades autónomas, co fin de verificar a existencia dos factores de perturbación.

b) No caso de confirmarse a presenza de factores de perturbación na zona, que ameacen potencialmente o seu estado:

1.º Iniciarase de inmediato o Plan de ordenación dos recursos naturais da zona, de non estar xa iniciado.

2.º Sen prexuízo da adopción das medidas previstas no artigo anterior desta lei, aplicarase, se é o caso, algún réxime de protección, logo de cumprimento de trámite de audiencia aos interesados, información pública e consulta das administracións afectadas.

## TÍTULO II

### Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos do patrimonio natural

#### CAPÍTULO I

##### Catalogación de hábitats en perigo de desaparición

#### Artigo 24. *O Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.*

1. Baixo a dependencia do Ministerio de Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal, créase o Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición, que se instrumentará regulamentariamente, e no que se incluírán os hábitats en perigo de desaparición cuxa conservación ou, se é o caso, restauración exixa medidas específicas de protección e conservación por acharse, polo menos, nalgunha das seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Ter a súa área de distribución moi reducida e en diminución.

2.<sup>a</sup> Ter sido destruídos na maior parte da súa área de distribución natural.

3.<sup>a</sup> Ter sufrido unha drástica deterioración da súa composición, estrutura ou funcións ecolóxicas na maior parte da súa área de distribución natural.

4.<sup>a</sup> Encontrarse en alto risco de transformación irreversible a curto ou medio prazo nunha parte significativa da súa área de distribución.

2. A inclusión de hábitats no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición será realizada polo Ministerio de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo de iniciativa das comunidades autónomas ou do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

3. Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión, xuntándolle á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

#### Artigo 25. *Efectos.*

A inclusión dun hábitat no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición producirá os seguintes efectos:

a) Unha superficie adecuada será incluída nalgún instrumento de xestión ou figura de protección de espazos naturais, nova ou xa existente.

b) As comunidades autónomas definirán e tomarán as medidas necesarias para frear a recesión e eliminar o risco de desaparición destes hábitats nos instrumentos de planificación e doutro tipo adecuados para estes fins.

#### Artigo 26. *Estratexias e plans de conservación e restauración.*

A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e con informe previo do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estratexias de conservación e restauración dos hábitats en perigo de desaparición.

Estas estratexias, que constituirán o marco orientativo dos plans ou instrumentos de xestión adoptados para a conservación e restauración, incluírán, polo menos, un

diagnóstico da situación e das principais ameazas, e as accións que se vaian emprender.

## CAPÍTULO II

### Protección de espazos

#### Artigo 27. *Definición de espazos naturais protexidos.*

1. Terán a consideración de espazos naturais protexidos aqueles espazos do territorio nacional, incluídas as augas continentais, e as augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición nacional, incluídas a zona económica exclusiva e a plataforma continental, que cumpran, polo menos, un dos requisitos seguintes e sexan declarados como tales:

a) Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.

b) Estar dedicados especialmente á protección e o mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados.

2. Os espazos naturais protexidos poderán abranger no seu perímetro ámbitos terrestres exclusivamente, terrestres e mariños simultaneamente, ou exclusivamente mariños.

#### Artigo 28. *Contido das normas reguladoras dos espazos naturais protexidos.*

1. As normas reguladoras dos espazos naturais protexidos, así como os seus mecanismos de planificación da xestión, determinarán os instrumentos xurídicos, financeiros e materiais que se consideren precisos para cumprir eficazmente os fins perseguidos coa súa declaración.

2. Se se solapan nun mesmo lugar distintas figuras de espazos protexidos, as súas normas reguladoras así como os mecanismos de planificación deberán ser coordinados, co obxecto de que os diferentes réximes aplicables en función de cada categoría conformen un todo coherente.

#### Artigo 29. *Clasificación dos espazos naturais protexidos.*

En función dos bens e valores que se pretenda protexer, e dos obxectivos de xestión que se vaian cumprir, os espazos naturais protexidos, xa sexan terrestres ou mariños, clasificaranse, polo menos, nalgunha das seguintes categorías:

- a) Parques.
- b) Reservas naturais.
- c) Áreas mariñas protexidas.
- d) Monumentos naturais.
- e) Paisaxes protexidas.

#### Artigo 30. *Os parques.*

1. Os parques son áreas naturais que, en razón da beleza das súas paisaxes, da representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente.

2. Os parques nacionais rexeranse pola súa lexislación específica.

3. Nos parques poderase limitar o aproveitamento dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa creación.

4. Nos parques facilitarase a entrada de visitantes coas limitacións precisas para garantir a protección daqueles.

5. Elaboraranse os plans reitores de uso e xestión, cuxa aprobación lle corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma. As administracións competentes en materia urbanística emitirán informe preceptivo sobre eses plans antes da súa aprobación.

Nestes plans, que serán periodicamente revisados, fixaranse as normas xerais de uso e xestión do parque.

6. Os plans reitores prevalecerán sobre o plan urbanístico. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, esta será revisada de oficio polos órganos competentes.

#### Artigo 31. *As reservas naturais.*

1. As reservas naturais son espazos naturais cuxa creación ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade merecen unha valoración especial.

2. Nas reservas estará limitada a explotación de recursos, salvo naqueles casos en que esta explotación sexa compatible coa conservación dos valores que se pretenden protexer. Con carácter xeral, estará prohibido recoller material biolóxico ou xeolóxico, salvo naqueles casos en que por razóns de investigación, conservación ou educativas se permita facelo, logo da pertinente autorización administrativa.

#### Artigo 32. *Áreas mariñas protexidas.*

1. As áreas mariñas protexidas son espazos naturais designados para protexer os ecosistemas, as comunidades ou os elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal, que, debido á súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial. Poderán adoptar esta categoría específica ou protexerse mediante calquera outra figura de protección de áreas prevista nesta lei, caso en que o seu réxime xurídico será o aplicable a estas outras figuras, sen prexuízo da súa inclusión na Rede de Áreas Mariñas Protexidas.

2. Para a conservación das áreas mariñas protexidas e dos seus valores naturais, aprobaranse plans ou instrumentos de xestión que establezan, polo menos, as medidas de conservación necesarias e as limitacións de explotación dos recursos naturais que procedan, para cada caso e para o conxunto das áreas incorporables á Rede de Áreas Mariñas Protexidas.

3. Independentemente da categoría ou figura que se utilice para a súa protección, as limitacións na explotación dos recursos pesqueiros en augas exteriores realizaranse de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

4. A Conferencia Sectorial, por proposta das comunidades autónomas litorais e da Administración xeral do Estado, establecerá os criterios mínimos comúns de xestión aplicables ás áreas mariñas incluídas na rede.

#### Artigo 33. *Os monumentos naturais.*

1. Os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial.

2. Consideraranse tamén monumentos naturais as árbores singulares e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacigos paleontolóxicos e mineralolóxicos, os estratotipos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

3. Nos monumentos con carácter xeral estará prohibida a explotación de recursos, salvo naqueles casos en que por razóns de investigación ou conservación se permita esta, logo da pertinente autorización administrativa.

#### Artigo 34. *As paisaxes protexidas.*

1. As paisaxes protexidas son partes do territorio que as administracións competentes, a través do plan aplicable, polos seus valores naturais, estéticos e culturais, e de acordo co Convenio da Paisaxe do Consello de Europa, consideren merecedores dunha protección especial.

2. Os obxectivos principais da xestión das paisaxes protexidas son os seguintes:

- a) Conservar os valores singulares que as caracterizan.
- b) Preservar a interacción harmoniosa entre a natureza e a cultura nunha zona determinada.

3. Nas paisaxes protexidas procurarase manter as prácticas de carácter tradicional que contribúan a preservar os seus valores e recursos naturais.

#### Artigo 35. *Requisitos para a declaración dos parques e as reservas naturais.*

1. A declaración dos parques e reservas naturais exixirá elaboración e aprobación previas do correspondente plan de ordenación dos recursos naturais da zona.

2. Excepcionalmente, poderanse declarar parques e reservas sen a aprobación previa do plan de ordenación dos recursos naturais cando existan razóns que os xustifiquen e que se farán constar expresamente na norma que os declare. Neste caso, deberase tramitar no prazo dun ano, a partir da declaración de parque ou reserva, o correspondente plan de ordenación.

#### Artigo 36. *Declaración e xestión dos espazos naturais protexidos.*

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas declarar e determinar a fórmula de xestión dos espazos naturais protexidos no seu ámbito territorial e nas augas mariñas cando, para estas últimas, en cada caso exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

2. Nos casos en que un espazo natural protexido se estenda polo territorio de dúas ou máis comunidades autónomas, estas establecerán de común acordo as fórmulas de colaboración necesarias.

#### Artigo 37. *Zonas periféricas de protección.*

Nas declaracións dos espazos naturais protexidos poderanse establecer zonas periféricas de protección destinadas a evitar impactos ecolóxicos ou paisaxísticos procedentes do exterior. Cando proceda, na propia norma de creación, estableceranse as limitacións necesarias.

#### Artigo 38. *Áreas de influencia socioeconómica.*

Co fin de contribuír a manter os espazos naturais protexidos e favorecer o desenvolvemento socioeconómico das poboacións locais de forma compatible cos obxecti-

vos de conservación do espazo, nas súas disposicións reguladoras poderanse establecer áreas de influencia socioeconómica, con especificación do réxime económico e as compensacións axeitadas ao tipo de limitacións. Estas áreas estarán integradas, polo menos, polo conxunto dos termos municipais onde se sitúe o espazo natural de que se trate e a súa zona periférica de protección.

#### Artigo 39. *Utilidade pública e dereito de tanteo e retracto sobre espazos naturais protexidos.*

1. A declaración dun espazo natural protexido leva implícita a declaración de utilidade pública, para os efectos expropiatorios, dos bens e dereitos afectados, así como a facultade da comunidade autónoma para o exercicio dos dereitos de tanteo e de retracto respecto dos actos ou negocios xurídicos de carácter oneroso e celebrados inter vivos que comporten a creación, transmisión, modificación ou extinción de dereitos reais que recaian sobre bens inmobles situados no seu interior.

2. Para facilitar o exercicio dos dereitos de tanteo e retracto, o transmitente notificaralle á comunidade autónoma, de forma que faga fe, o prezo e as condicións esenciais da transmisión pretendida e, se é o caso, copia que faga fe da escritura pública en que fose instrumentada a citada transmisión. Dentro do prazo que estableza a lexislación das comunidades autónomas desde esa notificación, a Administración poderá exercer o dereito de tanteo, obrigándose ao pagamento do prezo convidado nun período non superior a un exercicio económico.

A comunidade autónoma poderá exercer, nos mesmos termos previstos para o dereito de tanteo, o de retracto no prazo que fixe a súa lexislación, a partir da notificación ou da data en que teña coñecemento certo da transmisión.

Os rexistradores da propiedade e mercantís non inscribirán ningún documento polo cal se transmita calquera dereito real sobre os bens referidos sen que se acredite ter cumprido cos requisitos sinalados neste punto.

Os prazos a que se refire este número serán o suficientemente amplos para permitir que poidan exercerse os dereitos de tanteo e de retracto.

#### Artigo 40. *Espazos naturais protexidos transfronteirizos.*

Por proposta das administracións competentes, poderanse constituír espazos naturais protexidos de carácter transfronteirizo, formados por áreas adxacentes, terrestres ou mariñas, protexidas por España e outro Estado veciño, mediante a subscripción dos correspondentes acordos internacionais, para garantir unha axeitada coordinación da protección desas áreas.

### CAPÍTULO III

#### **Espazos protexidos Rede Natura 2000**

#### Artigo 41. *Rede Natura 2000.*

1. A Rede Ecolóxica Europea Natura 2000 é unha rede ecolóxica coherente composta polos lugares de importancia comunitaria ata a súa transformación en zonas especiais de conservación, estas zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves, cuxa xestión terá en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

2. Os lugares de importancia comunitaria, as zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves terán a consideración de espazos pro-

textidos, coa denominación de espazo protexido Rede Natura 2000, e co alcance e as limitacións que as comunidades autónomas establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará, no marco do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e a biodiversidade, unhas directrices de conservación da Rede Natura 2000. Estas directrices constituirán o marco orientativo para a planificación e xestión dos devanditos espazos e serán aprobadas mediante acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

**Artigo 42. Lugares de importancia comunitaria e zonas especiais de conservación.**

1. Os lugares de importancia comunitaria son aqueles espazos do conxunto do territorio nacional ou das augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición nacional, incluída a zona económica exclusiva e a plataforma continental, aprobados como tales, que contribúen de forma apreciable ao mantemento ou, se é o caso, ao restablecemento do estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e os hábitats das especies de interese comunitario, que figuran respectivamente nos anexos I e II desta lei, na súa área de distribución natural.

2. As comunidades autónomas elaborarán, baseándose nos criterios establecidos no anexo III e na información científica pertinente, unha lista de lugares situados nos seus respectivos territorios que poidan ser declarados como zonas especiais de conservación. A proposta, que indicará os tipos de hábitats naturais e as especies autóctonas de interese comunitario existentes neses lugares, someterase ao trámite de información pública.

O Ministerio de Medio Ambiente proporalle a lista á Comisión Europea para a súa aprobación como lugar de importancia comunitaria.

Desde o momento en que se lle envíe ao Ministerio de Medio Ambiente a lista dos espazos propostos como lugares de importancia comunitaria, para o seu traslado á Comisión Europea, estes pasarán a ter un réxime de protección preventiva que garanta que non exista unha minúscula do estado de conservación dos seus hábitats e especies ata o momento da súa declaración formal. O envío da proposta dun espazo como lugar de importancia comunitaria levará consigo, no prazo máximo de seis meses, facer público no boletín oficial da administración competente os seus límites xeográficos, os hábitats e especies polos que se declararon cada un, os hábitats e especies prioritarios presentes e o réxime preventivo que se lles aplicará.

3. Unha vez aprobadas ou ampliadas as listas de lugares de importancia comunitaria pola Comisión Europea, estes serán declarados polas comunidades autónomas correspondentes como zonas especiais de conservación o antes posible e como máximo nun prazo de seis anos, xunto coa aprobación do correspondente plan ou instrumento de xestión. Para fixar a prioridade na declaración destas zonas, atenderase á importancia dos lugares, ao mantemento nun estado de conservación favorable ou ao restablecemento dun tipo de hábitat natural de interese comunitario ou dunha especie de interese comunitario, así como ás ameazas de deterioración e destrución que pesen sobre elas, todo iso co fin de manter a coherencia da Rede Natura 2000.

**Artigo 43. Zonas de especial protección para as aves.**

Os espazos do territorio nacional e das augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición nacional, incluídas a zona económica exclusiva e a plataforma continental, máis adecuados en número e en superficie para a conser-

vación das especies de aves incluídas no anexo IV desta lei e para as aves migratorias de presenza regular en España, serán declaradas como zonas de especial protección para as aves, establecéndose nelas medidas para evitar as perturbacións e de conservación especiais en canto ao seu hábitat, para garantir a súa supervivencia e reprodución. Para o caso das especies de carácter migratorio que cheguen regularmente a territorio español, teranse en conta as necesidades de protección das súas áreas de reprodución, alimentación, muda, invernada e zonas de descanso, atribuíndolles particular importancia ás zonas húmidas e moi especialmente ás de importancia internacional.

**Artigo 44. Declaración das zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves.**

As comunidades autónomas, logo de procedemento de información pública, declararán as zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves no seu ámbito territorial. As devanditas declaracións publicaranse nos respectivos diarios oficiais, incluíndo información sobre os seus límites xeográficos, os hábitats e as especies polos que se declararon cada un. Delas daráselle conta ao Ministerio de Medio Ambiente para os efectos da súa comunicación á Comisión Europea, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 45. Medidas de conservación da Rede Natura 2000.**

1. Respecto das zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves, as comunidades autónomas fixarán as medidas de conservación necesarias que respondan ás exixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas, que implicarán:

a) Adecuados plans ou instrumentos de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento que inclúan, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable.

b) Apropriadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais.

2. Igualmente, as administracións competentes tomarán as medidas apropiadas, en especial nos devanditos plans ou instrumentos de xestión, para evitar nos espazos da Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación destas áreas, na medida en que esas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta aos obxectivos desta lei.

3. Os órganos competentes deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a deterioración ou a contaminación dos hábitats fóra da Rede Natura 2000.

4. Calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable os citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, que se realizará de acordo coas normas que sexan de aplicación, de acordo co establecido na lexislación básica estatal e nas normas adicionais de protección ditadas polas comunidades autónomas, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da

avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no número 5 deste artigo, os órganos competentes para aprobar ou autorizar os plans, programas ou proxectos só poderán manifestar a súa conformidade con estes tras asegurarse de que non lle causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

5. Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e na falta de solucións alternativas, deber realizarse un plan, programa ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as administracións públicas competentes tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida.

A concorrencia de razóns imperiosas de interese público de primeira orde só se poderá declarar para cada suposto concreto:

- a) Mediante unha lei.
- b) Mediante acordo do Consello de Ministros, cando se trate de plans, programas ou proxectos que deban ser aprobados ou autorizados pola Administración xeral do Estado, ou do órgano de goberno da comunidade autónoma. O devandito acordo deberá ser motivado e público.

A adopción das medidas compensatorias levarase a cabo, de ser o caso, durante o procedemento de avaliación ambiental de plans e programas e de avaliación de impacto ambiental de proxectos, de acordo co disposto na normativa aplicable. Estas medidas aplicaranse na fase de planificación e execución que determine a avaliación ambiental.

As medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, pola canle correspondente, á Comisión Europea.

6. En caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritaria, sinalados como tales nos anexos I e II, unicamente se poderán alegar as seguintes consideracións:

- a) As relacionadas coa saúde humana e a seguranza pública.
- b) As relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o ambiente.
- c) Outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, logo de consulta a Comisión Europea.

7. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar negativamente especies incluídas nos anexos II ou IV que fosen catalogadas como en perigo de extinción, unicamente se poderá levar a cabo cando, na falta doutras alternativas, concorra algunha das causas citadas no número anterior. A adopción das correspondentes medidas compensatorias levarase a cabo segundo o previsto no número 5.

8. Desde o momento en que o lugar figure na lista de lugares de importancia comunitaria aprobada pola Comisión Europea, este quedará sometido ao disposto nos números 4, 5 e 6 deste artigo.

9. Desde o momento da declaración dunha ZEPA, esta quedará sometida ao disposto nos números 4 e 5 deste artigo.

#### Artigo 46. *Coherencia e conectividade da rede.*

Co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e

o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

#### Artigo 47. *Vixilancia e seguimento.*

As comunidades autónomas vixiarán o estado de conservación dos tipos de hábitats e as especies de interese comunitario, tendo en conta especialmente os tipos de hábitats naturais prioritarios e as especies prioritarias, así como de conservación das especies de aves que se enumeran no anexo IV, comunicándolle ao Ministerio de Medio Ambiente os cambios que se producen nestes para os efectos do seu reflexo no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade. A devandita comunicación producirase anualmente, agás cando isto non sexa tecnicamente posible, caso en que deberá argumentarse.

As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente información sobre as medidas de conservación a que se refire o artigo 45.1, a avaliación dos seus resultados e as propostas de novas medidas que cómpre aplicar, co obxecto de que o ministerio lle poida remitir á Comisión Europea, cada tres e seis anos respectivamente, os informes nacionais exixidos polas directivas comunitarias 79/409/CEE e 92/43/CE reguladoras das zonas da Rede Natura 2000.

#### Artigo 48. *Cambio de categoría.*

A descatalogación total ou parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000 só se poderá propor cando así o xustifiquen os cambios provocados neste pola evolución natural, cientificamente demostrada, reflectidos nos resultados do seguimento definido no artigo anterior.

En todo caso, o procedemento incorporará un trámite de información pública, previo á remisión da proposta á Comisión Europea.

### CAPÍTULO IV

#### Outras figuras de protección de espazos

#### Artigo 49. *Áreas protexidas por instrumentos internacionais.*

1. Terán a consideración de áreas protexidas por instrumentos internacionais todos aqueles espazos naturais que sexan formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais de que sexa parte España e, en particular, os seguintes:

- a) As zonas húmidas de importancia internacional, do Convenio relativo ás zonas húmidas de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas.
- b) Os sitios naturais da Lista do patrimonio mundial, da Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural.
- c) As áreas protexidas, do Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico do Nordés (OSPAR).
- d) As zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM), do Convenio para a protección do medio mariño e da rexión costeira do Mediterráneo.
- e) Os xeoparques declarados pola UNESCO.
- f) As reservas da biosfera declaradas pola UNESCO.
- g) As reservas bioxenéticas do Consello de Europa.

2. A declaración ou inclusión de áreas protexidas por instrumentos internacionais será sometida a información pública e posteriormente publicada no Boletín Oficial del

Estado xunto coa información básica e un plano do perímetro abranguido pola área.

3. O réxime de protección destas áreas será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos cuxo ámbito territorial coincida total ou parcialmente coas devanditas áreas, sempre que se adecuen ao previsto nos citados instrumentos internacionais.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará, no marco do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e a biodiversidade, unhas directrices de conservación das áreas protexidas por instrumentos internacionais. Estas directrices constituirán o marco orientativo para a planificación e xestión deses espazos e serán aprobadas mediante acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

#### CAPÍTULO V

#### **Inventario español de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais**

Artigo 50. *Inventario español de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.*

1. Dependente do Ministerio de Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal, créase o Inventario español de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais, incluído no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, que se instrumentará regulamentariamente.

2. Para os efectos de homologación e do cumprimento dos compromisos internacionais na materia, os espazos naturais inscritos no Inventario español de espazos naturais protexidos asignaranse, xunto coa súa denominación orixinal, ás categorías establecidas internacionalmente, en especial pola Unión Internacional para a Natureza (UICN).

3. As comunidades autónomas facilitarán a información necesaria correspondente para manter actualizado o inventario.

Artigo 51. *Alteración da delimitación dos espazos protexidos.*

1. Só se poderá alterar a delimitación de espazos naturais protexidos ou da Rede Natura 2000, reducindo a súa superficie total ou excluindo terreos destes, cando así o xustifiquen os cambios provocados neles pola súa evolución natural, cientificamente demostrada. No caso de alteracións nas delimitacións de espazos protexidos Rede Natura 2000, os cambios debidos á evolución natural deberán aparecer debidamente reflectidos nos resultados do seguimento previsto no artigo 47.

2. Toda alteración da delimitación de áreas protexidas deberá someterse a información pública, que no caso dos espazos protexidos Rede Natura 2000 se fará de forma previa á remisión da proposta de descatalogación á Comisión Europea e a aceptación por esta de tal descatalogación.

3. O cumprimento do previsto nos parágrafos anteriores non eximirá das normas adicionais de protección que establezan as comunidades autónomas.

#### TÍTULO III

#### **Conservación da biodiversidade**

#### CAPÍTULO I

#### **Conservación in situ da biodiversidade autóctona silvestre**

Artigo 52. *Garantía de conservación de especies autóctonas silvestres.*

1. As comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira, incluíndoas nalgunha das categorías mencionadas nos artigos 53 e 55 desta lei.

Igualmente, deberán adoptar as medidas que sexan pertinentes para que a recollida na natureza de espécimes das especies de fauna e flora silvestres de interese comunitario, que se enumeran no anexo VI, así como a xestión da súa explotación sexan compatibles co seu mantemento nun estado de conservación favorable.

2. As administracións públicas competentes prohibirán a introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

3. Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

Esta prohibición inclúe a súa retención e captura in vivo, a destrución, dano, recollida e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda estando baleiros, así como a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.

Para os animais non comprendidos nalgunha das categorías definidas nos artigos 53 e 55, estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura, pesca continental e pesca marítima.

4. Avaliarase a conveniencia de reintroducir taxons extinguidos, pero dos que aínda existen poboacións silvestres ou en cativeiro, tendo en conta as experiencias anteriores e as directrices internacionais na materia, e coa axeitada participación e audiencia públicas. Mentres se realiza esta avaliación, as administracións públicas poderán adoptar as medidas adecuadas para garantir a conservación das áreas potenciais para acometer estas reintroducións.

No caso de especies susceptibles de estenderse polo territorio de varias comunidades autónomas, o programa de reintrodución deberá ser presentado á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e aprobado previamente pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Artigo 53. *Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.*

1. Créase a Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, que se instrumentará regulamentariamente, logo de consulta ás comunidades autónomas, e que incluírá especies, subespecies e poboacións que sexan merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, pola súa singularidade, rareza, ou grao de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España.



A listaxe terá carácter administrativo e ámbito estatal, e dependerá do Ministerio de Medio Ambiente.

2. A inclusión, cambio de categoría ou exclusión dun taxon ou poboación nesta listaxe será levada a cabo polo Ministerio de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo de iniciativa de comunidades autónomas, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle. Cando se trate de taxons ou poboacións protexidas nos anexos das normas ou decisións da Unión Europea, como os que se enumeran no anexo V, ou nos instrumentos internacionais ratificados por España, a inclusión na listaxe será realizada de oficio polo Ministerio de Medio Ambiente, notificándolle previamente tal inclusión á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión, presentando coa correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. A inclusión dun taxon ou poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial levará consigo a avaliación periódica do seu estado de conservación.

4. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer listaxes de especies silvestres en réxime de protección especial, determinando as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para a súa preservación.

**Artigo 54. Prohibicións para as especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.**

1. A inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial dunha especie, subespecie ou poboación leva consigo as seguintes prohibicións xenéricas:

a) Tratándose de plantas, fungos ou algas, a de recollelas, cortalas, mutilalas, arrincalas ou destruílas intencionadamente na natureza.

b) Tratándose de animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de lles dar morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos seus niños, tobos e áreas de reprodución, invernaada ou repouso.

c) En ambos os dous casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.

Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.

2. As comunidades autónomas establecerán un sistema de control de capturas ou mortes accidentais e, a partir da información recollida neste, adoptarán as medidas necesarias para que estas non teñan repercusións negativas importantes nas especies incluídas na Listaxe de especies en réxime de protección especial e se minimicen no futuro.

**Artigo 55. Catálogo español de especies ameazadas.**

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, establécese o Catálogo español de especies ameazadas, que incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, os taxons ou

poboacións da biodiversidade ameazada, incluíndoos nalgunhas das categorías seguintes:

a) En perigo de extinción: taxons ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen actuando.

b) Vulnerable: taxons ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

2. A catalogación, descatalogación ou cambio de categoría dun taxon ou poboación no Catálogo español de especies ameazadas será realizada polo Ministerio de Medio Ambiente por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, por iniciativa das comunidades autónomas ou do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión, engadindo á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer catálogos de especies ameazadas, establecendo, ademais das categorías relacionadas neste artigo, outras específicas, determinando as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para a súa preservación.

4. As comunidades autónomas poderán, de ser o caso, incrementar o grao de protección das especies do Catálogo español de especies ameazadas nos seus catálogos autonómicos, incluíndoas nunha categoría superior de ameaza.

**Artigo 56. Efectos da inclusión no Catálogo español de especies ameazadas.**

1. No que se refire ao Catálogo español de especies ameazadas:

a) A inclusión dun taxon ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» levará consigo, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación que inclúa as medidas máis axeitadas para o cumprimento dos obxectivos buscados e, se é o caso, a designación de áreas críticas.

Nas áreas críticas, e nas áreas de potencial reintrodución ou expansión destes taxons ou poboacións definidas como tales nos plans de recuperación, fixaranse medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos para estas áreas ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies que motivasen a designación desas áreas.

b) A inclusión dun taxon ou poboación na categoría de «vulnerable» implicará a adopción dun plan de conservación que inclúa as medidas máis axeitadas para o cumprimento dos obxectivos buscados, nun prazo máximo de cinco anos.

c) Para aqueles taxons ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación ou ámbitos xeográficos similares, poderanse elaborar plans que abranzan varios taxons ou poboacións simultaneamente.

d) Para as especies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 ou áreas protexidas por instrumentos internacionais, os plans poderanse articular a través das correspondentes figuras de planificación e xestión deses espazos.

2. As comunidades autónomas elaborarán e aprobarán os plans de recuperación e conservación para as especies ameazadas.

**Artigo 57. Estratexias de conservación de especies ameazadas.**

A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará as estratexias de conservación de especies ameazadas presentes en máis dunha comunidade autónoma, dando prioridade aos taxons con maior grao de ameaza, e as estratexias de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, dando prioridade ás que afecten un maior número de especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas, como o uso ilegal de substancias tóxicas, a electrocución e a colisión con liñas eléctricas ou o plumbismo.

Estas estratexias, que constituirán o marco orientativo dos plans de recuperación e conservación, incluírán, polo menos, un diagnóstico da situación e das principais ameazas para as especies, e as accións que se deberán emprender para a súa recuperación.

**Artigo 58. Excepcións.**

1. As prohibicións establecidas neste capítulo poderán quedar sen efecto, logo de autorización administrativa de comunidade autónoma, de non haber outra solución satisfactoria e sen que isto supoña prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural, cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Se da súa aplicación derivaren efectos prexudiciais para a saúde e seguranza das persoas.
- b) Para evitar prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas.
- c) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, ou cando se precise para a cría en cativeiro orientada aos devanditos fins.
- d) No caso das aves, para evitar accidentes en relación coa seguranza aérea.
- e) Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies non incluídas na Listaxe de especies en réxime de protección especial, en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación.
- f) Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.

2. No caso de autorizacións excepcionais en que concorran as circunstancias previstas na alínea e), a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir, baseándose en datos científicos rigorosos, que o nivel máximo nacional de capturas, para cada especie, se axusta ao concepto de «pequenas cantidades». Igualmente, estableceranse as cotas máximas de captura que se poderán conceder para cada especie, así como os sistemas de control do cumprimento desas medidas que deberán ser exercidas antes e durante o período autorizado para efectuar a captura, retención ou explotación prudente, sen prexuízo dos controis adicionais que tamén deben establecerse unha vez transcorrido o citado período.

3. A autorización administrativa a que se refiren os números anteriores deberá ser pública, motivada e especificar:

- a) O obxectivo e a xustificación da acción.
- b) As especies a que se refira.

c) Os medios, as instalacións, os sistemas ou métodos que cómpre empregar e os seus límites, así como as razóns e o persoal cualificado para o seu emprego.

d) A natureza e condicións de risco, as circunstancias de tempo e lugar e, se procede, as solucións alternativas non adoptadas e os datos científicos utilizados.

e) As medidas de control que se aplicarán.

4. As comunidades autónomas comunicaránlle ao Ministerio de Medio Ambiente as autorizacións acordadas segundo o previsto neste artigo, para os efectos da súa posterior notificación á Comisión Europea e aos organismos internacionais pertinentes, sinalando en cada caso os controis exercidos e os resultados obtidos destes.

## CAPÍTULO II

### Conservación ex situ

**Artigo 59. Propagación de especies silvestres ameazadas.**

1. Como complemento ás accións de conservación in situ, para as especies incluídas no Catálogo estatal de especies ameazadas, a Comisión Estatal de Patrimonio Natural e a Biodiversidade impulsará o desenvolvemento de programas de cría ou propagación fóra do seu hábitat natural, en especial cando tales programas sexan previstos nas estratexias de conservación, ou plans de recuperación ou conservación.

Estes programas estarán dirixidos a constituír reservas xenéticas e/ou a obter exemplares aptos para a súa reintrodución no medio natural.

2. Para tal efecto, no marco da citada comisión, as administracións implicadas acordarán a designación e condicións dos centros de referencia a nivel nacional que exercerán a coordinación dos respectivos programas de conservación ex situ.

3. As organizacións sen ánimo de lucro, os parques zoolóxicos, os acuarios, os xardíns botánicos e os centros públicos e privados de investigación ou conservación poderán participar nos programas de cría en cativeiro e propagación de especies ameazadas.

**Artigo 60. Rede e Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético.**

1. Co obxecto de preservar o patrimonio xenético e biolóxico das especies silvestres e de integrar nos programas de conservación as operacións ex situ e in situ, a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade promoverá a existencia dunha rede de bancos de material biolóxico e xenético. Esa rede daralle prioridade, entre outras, á preservación de material biolóxico e xenético procedente de taxons autóctonos de flora e fauna silvestres ameazadas e, en especial, das especies ameazadas endémicas.

2. As comunidades autónomas deberán manter un rexistro dos bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres situados no seu territorio, con información actualizada sobre as coleccións de material biolóxico e xenético de fauna e flora silvestres que manteñan nas súas instalacións.

3. Créase o Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, que terá carácter informativo e no que se incluírán os datos facilitados polas comunidades autónomas.

## CAPÍTULO III

**Prevención e control das especies exóticas invasoras****Artigo 61. *Catálogo español de especies exóticas invasoras.***

1. Créase o Catálogo español de especies exóticas invasoras, cuxa estrutura e funcionamento serán regulados regulamentariamente e no cal se incluírán, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constituían unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

Depende do Ministerio de Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal.

2. A inclusión dunha especie no Catálogo español de especies exóticas invasoras será realizada polo Ministerio de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo de iniciativa de comunidades autónomas ou do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie ou subespecie, presentando coa correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. A inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras comporta a prohibición xenérica de posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos, dos seus restos ou propágulos, incluíndo o comercio exterior. Esta prohibición poderá quedar sen efecto, logo de autorización administrativa, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde ou segurancia das persoas.

4. As comunidades autónomas realizarán un seguimento das especies exóticas con potencial invasor, en especial daquelas que demostraron ese carácter noutros países ou rexións, co fin de proporen, chegado o caso, a súa inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras.

5. O Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas, no marco da Comisión Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, elaborarán estratexias que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgándolles prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estas estratexias, que terán carácter orientativo.

6. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer catálogos de especies exóticas invasoras que determinen as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para a súa erradicación.

## CAPÍTULO IV

**Da protección das especies en relación coa caza e a pesca continental****Artigo 62. *Especies obxecto de caza e pesca.***

1. A caza e a pesca en augas continentais só se poderán realizar sobre as especies que determinen as comunidades autónomas, declaración que en ningún caso poderá

afectar as especies incluídas na Listaxe de especies en réxime de protección especial, ou as prohibidas pola Unión Europea.

2. En todo caso, o exercicio da caza e a pesca continental regularase de modo que queden garantidos a conservación e o fomento das especies autorizadas para este exercicio, para o cal as comunidades autónomas determinarán os terreos e as augas onde poidan realizarse tales actividades, así como as datas hábiles para cada especie.

3. Con carácter xeral establécense as seguintes prohibicións e limitacións relacionadas coa actividade cinexética e acuícola en augas continentais:

a) Quedan prohibidas a tenza, utilización e comercialización de todos os procedementos masivos ou non selectivos para a captura ou morte de animais, en particular os enumerados no anexo VII, así como aqueles procedementos que poidan causar localmente a desaparición ou turbar gravemente a tranquilidade das poboacións dunha especie.

En particular, quedan incluídas no parágrafo anterior a tenza, utilización e comercialización dos procedementos para a captura ou morte de animais e modos de transporte prohibidos pola Unión Europea, que se enumeran, respectivamente, nas alíneas a) e b) do anexo VII.

Sempre e cando non exista outra solución satisfactoria alternativa, esta prohibición poderá non ser de aplicación se se cumpren estes dous requisitos:

1.º Que concorran as circunstancias e condicións enumeradas no artigo 58.1, e

2.º que se trate de especies de animais de interese comunitario non consideradas de protección estrita na normativa da Unión Europea.

b) Queda prohibido con carácter xeral o exercicio da caza de aves durante a época de celo, reprodución e crianza e a caza durante o traxecto de regreso cara aos lugares de cría no caso de especies migratorias.

c) Só poderán ser obxecto de comercialización, vivas ou mortas, as especies que regulamentariamente se determinen, de acordo cos convenios internacionais e a normativa da Unión Europea.

d) Poderanse establecer moratorias temporais ou prohibicións especiais cando razóns de orde biolóxica ou sanitaria o aconsellen. En relación coas especies obxecto de caza e pesca, cando existan razóns de orde biolóxica ou sanitaria que aconsellen o establecemento de moratorias temporais ou prohibicións especiais, a Comisión Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade poderá elaborar informes que poidan ser utilizados polas comunidades autónomas para a determinación das citadas moratorias ou prohibicións.

e) En relación coa actividade cinexética e acuícola, queda prohibida a introdución de especies alóctonas. No caso de introducións accidentais ou ilegais, non se poderá autorizar en ningún caso o seu aproveitamento cinexético ou piscícola, promovendo as medidas apropiadas de control de especies para a súa erradicación.

f) Os cercados e valados de terreos, cuxa instalación estará suxeita a autorización administrativa, deberanse construír de tal forma que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación da fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas. As administracións públicas competentes establecerán a superficie mínima que deben ter as unidades de xestión para permitir a instalación destes cercados e así garantir a libre circulación da fauna silvestre non cinexética e evitar os riscos de endogamia nas especies cinexéticas.

Para os cercados e valados non cinexéticos as comunidades autónomas poderán excluír esta obriga por causas de sanidade animal.

g) Os métodos de captura de predadores que sexan autorizados polas comunidades autónomas deberán ter sido homologados baseándose nos criterios de selectivi-

dade e benestar animal fixados polos acordos internacionais. A utilización destes métodos só poderá ser autorizada mediante unha acreditación individual outorgada pola comunidade autónoma. Non poderán ter consideración de predador, para os efectos deste parágrafo, as especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

h) Cando se comprobe que a xestión cinexética desenvolvida nun terreo afecte negativamente a renovación ou sustentabilidade dos recursos, as administracións públicas competentes poderán suspender total ou parcialmente a vixencia dos dereitos de caza.

i) As administracións públicas competentes velarán por que as soltas e repoboacións con especies cinexéticas non supoñan unha ameaza para a conservación destas ou doutras especies en termos xenéticos ou de poboación.

j) Prohíbese a tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio relativo a zonas húmidas de importancia internacional, nas da Rede Natura 2000 e nas incluídas en espazos naturais protexidos.

#### Artigo 63. *Caza da perdiz con reclamo.*

A administración competente poderá autorizar a modalidade da caza de perdiz con reclamo macho nos lugares onde sexa tradicional e coas limitacións precisas para garantir a conservación da especie.

#### Artigo 64. *Inventario español de caza e pesca.*

O Inventario español de caza e pesca, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, manterá a información máis completa das poboacións, capturas e evolución xenética das especies cuxa caza ou pesca estean autorizadas, con especial atención ás especies migradoras.

Incluiranse no inventario os datos que faciliten os órganos competentes das comunidades autónomas. Con este obxecto, os titulares dos dereitos cinexéticos e piscícolas e, en xeral, os cazadores e pescadores, ficarán obrigados a lles subministrar a correspondente información ás comunidades autónomas.

## TÍTULO IV

### Uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade

#### CAPÍTULO I

##### Rede Española de Reservas da Biosfera e Programa persoa e biosfera (programa MaB)

#### Artigo 65. *A Rede de Reservas da Biosfera.*

A Rede de Reservas da Biosfera Españolas constitúe un subconxunto definido e recoñecible da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, conxunto de unidades físicas sobre as que se proxecta o Programa persoa e biosfera (programa MaB) da UNESCO.

#### Artigo 66. *Obxectivos da Rede Española de Reservas da Biosfera.*

1. Os obxectivos da Rede Española de Reservas da Biosfera son:

a) Manter un conxunto definido e interconectado de «laboratorios naturais»; estacións comparables de segui-

mento das relacións entre as comunidades humanas e os territorios en que se desenvolven, con especial atención aos procesos de mutua adaptación e aos cambios xerados.

b) Asegurar a efectiva comparación continua e a transferencia da información así xerada aos escenarios en que resulte de aplicación.

c) Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sustentable do territorio.

2. O Comité MaB español é o órgano colexiado de carácter asesor e científico, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, cuxa composición, contidos e funcións se definirán regulamentariamente. O Comité MaB realizará as avaliacións preceptivas de cada reserva da biosfera, valorando a súa adecuación aos obxectivos e exixencias establecidas e, se é o caso, propoñendo a corrección dos aspectos contraditorios.

#### Artigo 67. *Características das reservas da biosfera.*

As reservas de biosfera, para a súa integración e mantemento como tales, deberán respectar as directrices e normas aplicables da UNESCO e contar, como mínimo:

a) Cunha ordenación espacial integrada por:

1.º Unha ou varias zonas núcleo da reserva que sexan espazos naturais protexidos, cos obxectivos básicos de preservar a diversidade biolóxica e os ecosistemas, que contén co axeitado plan de ordenación, uso e xestión que potencie basicamente os citados obxectivos.

2.º Unha ou varias zonas de protección das zonas núcleo, que permitan a integración da conservación básica da zona núcleo co desenvolvemento ambientalmente sustentable na zona de protección a través do correspondente planeamento de ordenación, uso e xestión, específico ou integrado no planeamento das respectivas zonas núcleo.

3.º Unha ou varias zonas de transición entre a reserva e o resto do espazo que permitan incentivar o desenvolvemento socioeconómico para a mellora do benestar da poboación, aproveitando os potenciais e recursos específicos da reserva de forma sustentable, respectando os obxectivos desta e do Programa persoa e biosfera.

b) Cunhas estratexias específicas de evolución cara aos obxectivos sinalados, co seu correspondente programa de actuación e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB español, que permita valorar o grao de cumprimento dos obxectivos do programa MaB.

c) Cun órgano de xestión responsable do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas.

#### CAPÍTULO II

##### Acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e distribución de beneficios

#### Artigo 68. *Acceso e uso dos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres.*

1. O acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e a repartición de beneficios derivados da súa utilización rexeráse polo disposto no Convenio sobre a diversidade biolóxica e os seus instrumentos de desenvolvemento, e, se é o caso, no Tratado internacional sobre recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO).

2. O acceso a estes recursos xenéticos poderá someterse mediante real decreto aos requirimentos de consentimento previo informado e condicións mutuamente

acordadas, facendo uso das potestades que aos Estados membros lles atribúe o artigo 15 do Convenio sobre a diversidade biolóxica. Neste suposto, a competencia para prestar o consentimento e negociar as condicións corresponderalles ás comunidades autónomas de cuxo territorio procedan os recursos xenéticos ou en cuxo territorio estean localizadas as institucións de conservación ex situ de onde estes procedan.

3. Con independencia do establecido no punto anterior, as comunidades autónomas, no seu ámbito territorial, poderán establecer condicións ao acceso de recursos xenéticos in situ cando a súa recollida requira de especial protección para preservar a súa conservación e utilización sustentable, notificándollo ao órgano designado polo Ministerio de Medio Ambiente como punto focal na materia para os efectos de que este informe os órganos de cooperación da Unión Europea competentes na materia e os órganos do Convenio sobre a diversidade biolóxica.

### CAPÍTULO III

#### Comercio internacional de especies silvestres

Artigo 69. *Comercio internacional de especies silvestres.*

1. O comercio internacional de especies silvestres levarase a cabo de xeito sustentable e de acordo coa lexislación internacional, en particular a Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres, o Convenio sobre a diversidade biolóxica, o Tratado internacional sobre recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO), e a normativa comunitaria sobre protección das especies ameazadas mediante o control do comercio.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio manterá un rexistro das importacións e exportacións de especies silvestres cuxo comercio estea regulado, e elaborará, cunha periodicidade anual, informes que permitan realizar a análise dos niveis e tendencias do comercio internacional destas especies protexidas.

3. O Ministerio de Medio Ambiente avaliará, polo menos cada cinco anos, a partir dos datos das estatísticas comerciais, o comercio internacional de vida silvestre en España e comunicarlle as súas conclusións ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, xunto cunha proposta de medidas que permitan adoptar, se procede, as actuacións necesarias para asegurar a sustentabilidade dese comercio.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio valorará a proposta e, se é o caso, trasladaralla á Comisión Europea.

### CAPÍTULO IV

#### Coñecementos tradicionais

Artigo 70. *Promoción dos coñecementos tradicionais para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.*

De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial de Propiedade Intelectual, as administracións públicas:

a) Preservarán, manterán e fomentarán os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Promoverán que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.

c) Promoverán a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais relevantes para a conservación e o uso sustentable da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos. Estes integraranse no Inventario español dos coñecementos tradicionais relativos ao patrimonio natural e a biodiversidade.

### TÍTULO V

#### Fomento do coñecemento, a conservación e a restauración do patrimonio natural e a biodiversidade

Artigo 71. *Axudas a entidades sen ánimo de lucro.*

O Ministerio de Medio Ambiente poderalles conceder axudas ás entidades sen ánimo de lucro de ámbito estatal para o desenvolvemento de actuacións que afecten máis dunha comunidade autónoma e que teñan por obxecto conservar o patrimonio natural e a biodiversidade, logo de aceptación, se é o caso, das comunidades autónomas cuxa xestión do patrimonio natural e da biodiversidade sexa afectada polas actuacións.

Artigo 72. *Promoción da custodia do territorio.*

1. As administracións públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal conservar o patrimonio natural e a biodiversidade.

2. A Administración xeral do Estado, cando sexa titular de terreos situados en espazos naturais, poderá levar a cabo o desenvolvemento de acordos de cesión da súa xestión, total ou parcial, a entidades de custodia do territorio. Estes acordos para a cesión da xestión estableceranse por escrito en forma de convenio administrativo plurianual que preverá o sistema de financiamento para o seu desenvolvemento, ben mediante achegas económicas, edificacións, equipamentos, maquinaria, vehículos ou calquera outro ben ou servizo, así como as directrices mínimas de xestión, fixadas nun precedente plan de xestión.

Artigo 73. *Incentivos ás externalidades positivas no ámbito dos espazos protexidos e dos acordos de custodia do territorio.*

1. As comunidades autónomas regularán os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas de terreos que se sitúen en espazos declarados protexidos ou nos cales existan acordos de custodia do territorio debidamente formalizados polos seus propietarios ante entidades de custodia. Para iso teranse en conta, entre outros, os seguintes servizos prestados polos ecosistemas:

a) A conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade, xeodiversidade e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin, con especial atención a hábitats e especies ameazados.

b) A fixación de dióxido de carbono como medida de contribución a mitigar o cambio climático.

c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico como medida de loita contra a desertización, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas produtivas

contribúan a reducir a perda ou degradación do solo e dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.

d) A recarga de acuíferos e a prevención de riscos xeolóxicos.

#### Artigo 74. *O Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

1. Créase o Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, co obxecto de pór en práctica aquelas medidas destinadas a apoiar a consecución dos obxectivos desta lei, así como a xestión forestal sustentable, a prevención estratéxica de incendios forestais e a protección de espazos forestais e naturais no financiamento das cales participe a Administración xeral do Estado.

O devandito fondo poderá financiar accións de natureza plurianual e actuará como instrumento de cofinanciamento destinado a asegurar a cohesión territorial. O fondo dotarase coas partidas asignadas nos orzamentos xerais do Estado, incluídas as dotacións que sexan obxecto de cofinanciamento por aqueles instrumentos financeiros comunitarios destinados aos mesmos fins e con outras fontes de financiamento que poidan establecerse no futuro.

2. Serán obxectivos do fondo:

a) Promover, a través dos incentivos axeitados, o investimento, xestión e ordenación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade, en particular, a elaboración de plans, instrumentos e proxectos de xestión de espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos internacionais, e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación in situ e ex situ de especies do Catálogo español de especies ameazadas.

b) Desenvolver outras accións e crear outros instrumentos adicionais que contribúan á defensa e sustentabilidade dos espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos internacionais, e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación de especies do Catálogo español de especies ameazadas.

c) Facer viables os modelos sustentables de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en especial en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e nas áreas protexidas por instrumentos internacionais.

d) Contribuír a executar as medidas incluídas nas estratexias e plans de conservación de hábitats en perigo de desaparición e especies catalogadas.

e) Promover, a través dos incentivos axeitados, o investimento, xestión e ordenación forestal, en particular, a elaboración de proxectos de ordenación de montes ou de plans dasocráticos.

f) Instituír mecanismos financeiros destinados a facer viables os modelos de xestión sustentable en materia de silvicultura, actividades cinexéticas e piscícolas.

g) Valorizar e promover as funcións ecolóxicas, sociais e culturais dos espazos forestais e as levadas a cabo polos axentes sociais e económicos ligados aos espazos naturais protexidos e á Rede Natura 2000, así como apoiar os servizos ambientais e de conservación de recursos naturais.

h) Apoiar as accións de prevención de incendios forestais.

i) Apoiar as accións de eliminación doutros impactos graves para o patrimonio natural e a biodiversidade, en especial o control e erradicación de especies exóticas invasoras e a fragmentación dos hábitats.

j) Incentivar a agrupación da propiedade forestal para o desenvolvemento de explotacións forestais conxuntas que favorezan a xestión forestal sustentable.

k) Promover a obtención da certificación forestal.

l) Financiar accións específicas de investigación aplicada, demostración e experimentación relacionadas

coa conservación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade.

m) Financiar accións específicas relacionadas coa custodia do territorio.

n) Promover o uso e o apoio á produción e comercialización de produtos procedentes de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e bosques certificados.

o) Promover a preservación, mantemento e fomento dos coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade mediante, entre outros procedementos, a incentivación dos axentes que os aplican.

p) Desenvolver outras accións e obxectivos complementarios que contribúan á defensa e sustentabilidade do patrimonio natural e a biodiversidade.

q) Promover a produción ecolóxica nas zonas incluídas en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e reservas da biosfera.

r) Financiar accións específicas de prevención da erosión e da desertificación, preferentemente nos espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e reservas da biosfera.

s) Incentivar os estudos e prospeccións que persigan o desenvolvemento e actualización do Inventario español do patrimonio natural e a biodiversidade.

t) Impulsar iniciativas de divulgación que favorezan o coñecemento e a sensibilización social pola conservación e o uso sustentable do patrimonio natural español.

3. A xestión das subvencións que se outorguen con cargo ao fondo correspóndelles ás comunidades autónomas, coas que previamente se terán establecido mediante convenio as medidas que se van cofinanciar.

4. Mediante real decreto, logo de consulta coas comunidades autónomas, regularase o funcionamento do fondo para o patrimonio natural, que garantirá a súa participación, singularmente en todos aqueles obxectivos do fondo que incidan sobre as súas competencias.

5. Rexeranse pola súa normativa específica as axudas de desenvolvemento rural para actividades agrícolas, gandeiras e forestais, así como a regulación da condicionalidade das axudas da Política Agraria Común (PAC), ben que naquelas cuestións que afecten os espazos protexidos da Rede Natura 2000 ou o cumprimento da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación solicitará informe do Ministerio de Medio Ambiente.

## TÍTULO VI

### Das infraccións e sancións

#### Artigo 75. *Disposicións xerais.*

1. As accións ou omisións que infrinxan o previsto nesta lei xerarán responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo da exigible en vía penal, civil ou doutra orde a que poidan dar lugar.

2. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar o dano causado na forma e condicións fixadas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental. O infractor estará obrigado a indemnizar os danos e perdas que non poidan ser reparados, nos termos da correspondente resolución.

3. A valoración dos danos ao ambiente necesaria para determinar as infraccións e sancións reguladas neste título realizarase de acordo co método de avaliación a que

se refire a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental e as súas disposicións de desenvolvemento.

4. Cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas que interviñesen na realización da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito a repetir fronte aos demais participantes por parte daquel ou daqueles que lles fixesen fronte ás responsabilidades.

5. En ningún caso se imporá unha dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, aínda que se deberán exixir as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concorrentes.

#### Artigo 76. *Tipificación e clasificación das infraccións.*

1. Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica, consideráranse infraccións administrativas:

a) A utilización de produtos químicos e substancias biolóxicas, e a realización de verteduras de residuos que alteren as condicións dos ecosistemas con dano para os valores neles contidos.

b) A destrución, morte, deterioración, recollida, comercio ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizadas de especies de flora e fauna catalogadas «en perigo de extinción», así como a dos seus propágulos ou restos.

c) A destrución ou deterioración de hábitats incluídos na categoría de «en perigo de desaparición» do Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

d) A destrución do hábitat de especies «en perigo de extinción» en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación.

e) A destrución ou deterioración significativa dos compoñentes dos hábitats prioritarios de interese comunitario.

f) A introdución de especies alóctonas incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras sen autorización administrativa.

g) A alteración das condicións dun espazo natural protexido ou dos produtos propios del mediante ocupación, cava, corta, arranque ou outras accións.

h) A instalación de carteis de publicidade ou a produción de impactos paisaxísticos sensibles nos espazos naturais protexidos.

i) A deterioración ou alteración significativa dos compoñentes de hábitats prioritarios de interese comunitario ou a destrución de compoñentes, ou a deterioración significativa do resto de compoñentes de hábitats de interese comunitario.

j) A destrución, morte, deterioración, recollida, posesión, comercio, ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizada de especies de flora e fauna catalogadas como «vulnerables», así como a de propágulos ou restos.

k) A destrución do hábitat de especies vulnerables, en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación e as zonas de especial protección para a flora e fauna silvestres.

l) A captura, persecución inxustificada de especies de fauna silvestre e o arranque e corta de especies de flora naqueles supostos en que sexa necesaria autorización administrativa, de acordo coa regulación específica da lexislación de montes, caza e pesca continental, cando non se obtivese esa autorización.

m) A destrución, morte, deterioración, recollida, posesión, comercio ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizada de especies de flora e fauna incluídas na Listaxe de

especies en réxime de protección especial que non estean catalogadas, así como a de propágulos ou restos.

n) A destrución do hábitat de especies incluídas na Listaxe de especies en réxime de protección especial que non estean catalogadas, en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación.

o) A perturbación, morte, captura e retención intencionada de especies de aves nas épocas de reprodución e crianza, así como durante o seu traxecto de regreso cara aos lugares de cría no caso das especies migratorias.

p) A alteración dos compoñentes dos hábitats prioritarios de interese comunitario ou a deterioración dos compoñentes do resto de hábitats de interese comunitario.

q) A tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas na lista do Convenio relativo a zonas húmidas de importancia internacional, nas da Rede Natura 2000 e nas incluídas en espazos naturais protexidos.

r) O incumprimento dos demais requisitos, obrigas ou prohibicións establecidos nesta lei.

2. Terán, en todo caso, a consideración de infraccións moi graves as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e) e f), cando a valoración dos danos derivados supere os 100.000 euros, e calquera das outras se a valoración de danos supera os 200.000 euros.

#### Artigo 77. *Clasificación das sancións.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas:

a) Infraccións leves, con multas de 500 a 5.000 euros.

b) Infraccións graves, con multas de 5.001 a 200.000 euros.

c) Infraccións moi graves, multas de 200.001 a 2.000.000 de euros, sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan aumentar o importe máximo.

2. Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta á seguranza das persoas ou bens protexidos por esta lei, as circunstancias do responsable, o seu grao de malicia, participación e beneficio obtido, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidos.

3. A sanción das infraccións tipificadas nesta lei corresponderalles aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Compételle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Medio Ambiente, a imposición de sancións naqueles supostos en que a infracción administrativa recaese no seu ámbito de competencias.

4. Para efectos do exercicio da potestade sancionadora da Administración xeral do Estado, e sen prexuízo do que poidan dispor ao respecto leis especiais, as infraccións tipificadas no artigo 76 desta lei cualificaranse do seguinte modo:

a) Como moi graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e) e f) se os danos superan os 100.000 euros, e calquera das outras se os danos superan os 200.000 euros.

b) Como graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e) e f), se os danos non superan os 100.000 euros, g), h), i), j), k), l), m) e n).

c) Como leves as recollidas nas alíneas o), p), q) e r).

5. A Administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, de os infractores non procederem á reparación ou indem-

nización, de acordo co establecido no artigo 75. A imposición das devanditas multas coercitivas exixirá que no requirimento se indique o prazo de que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga. No caso de que, unha vez imposta a multa coercitiva, se manteña o incumprimento que a motivou, poderá reiterarse as veces que sexan necesarias ata o cumprimento da obriga, sen que, en ningún caso, o prazo fixado nos novos requirimentos poida ser inferior ao fixado no primeiro. As multas coercitivas son independentes e compatibles coas que se poidan impor en concepto de sanción.

6. No ámbito da Administración xeral do Estado, a contía de cada unha das devanditas multas non excederá os 3.000 euros.

7. O Goberno poderá, mediante real decreto, proceder á actualización das sancións previstas no punto 1 deste artigo, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

#### Artigo 78. *Responsabilidade penal.*

Nos supostos en que as infraccións puideren ser constitutivas de delito ou falta, a administración instrutora pasaralle o tanto de culpa ao órgano xurisdiccional competente e absterase de proseguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao procedemento. A sanción da autoridade xudicial excluírá a imposición de sanción administrativa nos casos en que se aprecie a identidade do suxeito, do feito e do fundamento. De non terse estimada a existencia de delito ou falta, a Administración poderá continuar o expediente sancionador, con base nos feitos que a xurisdición competente considerase probados.

#### Artigo 79. *Prescrición das infraccións e sancións.*

1. As infraccións a que se refire esta lei cualificadas como moi graves prescribirán aos cinco anos; as cualificadas como graves, aos tres anos; e as cualificadas como leves, ao ano.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, mentres que as impostas por faltas graves ou leves o farán aos tres anos e ao ano, respectivamente.

#### Disposición adicional primeira. *Exercicio das competencias da Administración xeral do Estado sobre os espazos, hábitats e especies mariños.*

O exercicio das competencias estatais sobre os espazos, hábitats e especies mariños axustarase ao establecido nas alíneas seguintes:

a) A protección, conservación e rexeneración dos recursos pesqueiros nas augas exteriores de calquera dos espazos naturais protexidos regularase polo disposto no título I, capítulos II e III da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

b) As limitacións ou prohibicións da actividade pesqueira nas augas exteriores dos espazos naturais protexidos serán fixadas polo Goberno, de conformidade cos criterios establecidos na normativa ambiental, de acordo co disposto no artigo 18 da Lei 3/2001.

c) As limitacións ou prohibicións establecidas en materia de mariña mercante en espazos naturais protexidos situados en augas mariñas serán adoptadas polo Goberno de acordo co disposto na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

d) As funcións da Administración xeral do Estado no mar territorial, augas interiores, zona económica e plataforma continental en materia de defensa, pesca e cultivos

mariños, mariña mercante, extraccións de restos, protección do patrimonio arqueolóxico español, investigación e explotación de recursos ou outras non reguladas nesta lei serán exercidas na forma e polos departamentos ou organismos que as teñan encomendadas, sen prexuízo do establecido na lexislación específica ou nos convenios internacionais que, se é o caso, sexan de aplicación.

e) Fomentar a coordinación entre as políticas de conservación e uso sustentable da biodiversidade e a paisaxe e os programas nacionais de investigación.

#### Disposición adicional segunda. *Medidas adicionais de conservación no ámbito local.*

As entidades locais, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, poderán establecer medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

#### Disposición adicional terceira. *Recursos pesqueiros e recursos fitoxenéticos e zootenéticos para a agricultura e a alimentación.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que se regulan pola Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

b) Os recursos pesqueiros regulados pola Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

c) Os recursos zootenéticos para a agricultura e a alimentación, que se rexerán pola súa normativa específica.

#### Disposición adicional cuarta. *Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

1. A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, creada no artigo 7 desta lei, asume as funcións da Comisión Nacional de Protección da Natureza.

2. O Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, creado no artigo 8 desta lei, asume as funcións do Consello Nacional de Bosques.

3. Non obstante, a Comisión Nacional de Protección da Natureza e o Consello Nacional de Bosques continuarán no exercicio das súas funcións ata que se aproben as normas de desenvolvemento da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

#### Disposición adicional quinta. *Limitacións temporais nas actividades reguladas na lei.*

Para o cumprimento dos tratados e convenios internacionais de que España sexa parte, o Goberno poderá establecer limitacións temporais en relación coas actividades reguladas nesta lei, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, lles correspondan ás comunidades autónomas.

#### Disposición adicional sexta. *Réxime de UICN-MED.*

1. Recoñéceselle ao Centro de Cooperación do Mediterráneo da Unión Mundial para a Natureza (en diante, UICN-MED), de acordo co obxecto establecido nos seus estatutos, a condición de asociación de utilidade pública nos termos previstos no artigo 33 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. Os locais, dependencias e arquivos de UICN-MED serán inviolables. Ningunha entrada ou rexistro se poderá practicar neles sen autorización do director xeral ou



representante autorizado por el, sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis.

3. Os empregados de UICN-MED, calquera que sexa a súa nacionalidade, serán incluídos no sistema da Seguridade Social española. Non obstante, a dita obriga quedará exonerada naqueles casos en que se acredite a existencia de cobertura por parte doutro réxime de protección social que outorgue prestacións en extensión e intensidade equivalentes, como mínimo, ás dispensadas polo sistema de Seguridade Social español.

4. Esta disposición adicional será de aplicación sen prexuízo do establecido ao respecto na normativa comunitaria e nos convenios internacionais subscritos por España.

Disposición adicional sétima. *Investigación e transferencia de tecnoloxía sobre a diversidade biolóxica.*

As administracións públicas fomentarán o desenvolvemento de programas de investigación sobre a diversidade biolóxica e sobre os obxectivos desta lei.

En aplicación dos artigos 16, 17 e 18 do Convenio sobre a diversidade biolóxica, as administracións públicas garantirán a cooperación científico-técnica en materia de conservación e uso sustentable da biodiversidade, así como ter acceso á tecnoloxía mediante políticas axeitadas de transferencia, incluída a biotecnoloxía e o coñecemento asociado.

Disposición transitoria primeira. *Especies do Catálogo español de especies ameazadas, catalogadas en categorías suprimidas.*

As especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas e que estean catalogadas nalgunha categoría non regulada no artigo 55 manterán esa clasificación, cos efectos que estableza a normativa vixente no momento de entrada en vigor desta lei, mentres non se produza a adaptación a esta.

Disposición transitoria segunda. *Prazo de aprobación e publicación dos plans e instrumentos de xestión adaptados aos contidos desta lei.*

No prazo de tres anos deberán estar aprobados e publicados os plans ou instrumentos de xestión adaptados aos contidos que se recollen nesta lei, para o cal o Goberno habilitará os correspondentes recursos para o seu cofinanciamento no Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Disposición transitoria terceira. *Normas e instrumentos no momento da entrada en vigor desta lei.*

Mentres non se aproben as normas e instrumentos de desenvolvemento e aplicación previstos nesta lei seguirán vixentes os existentes no que non se opoñan a ela.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as disposicións de carácter xeral que se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, a disposición adicional primeira da Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e os anexos I, II, III, IV, V e VI do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2. Así mesmo, derróganse, no referente á caza con reclamo, os seguintes artigos:

Os artigos 23.5 a), b) e c); 31.15; e 34.2 da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza, e os artigos 25.13 a), b) e c); 33.15, 33.18, 33.19; 37; 48.1.15; 48.2.17; 48.2.31 e 48.3.46 do Decreto 506/1971, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de caza.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.*

O artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 84.

1. Toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que for a Administración outorgante, devengará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela.

2. Están obrigados ao pagamento do canon, na contía e condicións que se determinan nesta lei, os titulares das concesións e autorizacións antes mencionadas.

3. A base impoñible será o valor do ben ocupado e aproveitado, que se determinará do seguinte xeito:

a) Por ocupación de bens de dominio público marítimo-terrestre, a valoración do ben ocupado determinarase por equiparación ao valor asignado para os efectos fiscais aos terreos contiguos ás súas zonas de servidume, incrementado nos rendementos que sexa previsible obter na utilización do citado dominio. No caso de obras e instalacións, o seu valor material. Nos supostos de obras e instalacións no mar territorial destinadas á investigación ou explotación de recursos mineiros e enerxéticos aboarase un canon de 0,006 euros por metro cadrado de superficie ocupada.

b) Por aproveitamento de bens de dominio público marítimo-terrestre, o valor do ben será o dos materiais aproveitados a prezo medio de mercado.

4. No caso de cultivos mariños a base impoñible do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre calcularase segundo as seguintes regras:

a) Considerarase como valor dos terreos ocupados a cantidade de 0,006 euros por metro cadrado.

b) En canto aos rendementos que se prevé obter na utilización do dominio público marítimo-terrestre, consideraranse os seguintes coeficientes:

Tipo 1. Cultivos mariños no mar territorial e augas interiores: 0,4 €/m<sup>2</sup>.

Tipo 2. Cultivos mariños na ribeira do mar e das rías: 0,16 €/m<sup>2</sup>.

Tipo 3. Estruturas para as tomas de auga de mar e desaugadoiros desde cultivos mariños localizados en terra: 5 €/m<sup>2</sup>.

En ambos os dous casos, as cantidades serán revisadas mediante orde do Ministerio de Medio Ambiente, tendo en conta a variación experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo.

5. O tipo de gravame anual será do 8 por cento sobre o valor da base, salvo no caso de aproveitamento, que será do 100 por cento.

6. O canon de ocupación a favor da Administración xeral do Estado que devengarán as concesións que as comunidades autónomas outorguen en

dominio público marítimo-terrestre adscrito para a construción de portos deportivos ou pesqueiros, calcularase segundo o previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. A estimación do beneficio que se utilice para obter a base imponible do canon en ningún caso poderá ser inferior ao 3,33 por cento do importe da inversión a realizar polo solicitante.

7. O canon poderase reducir un 90 por cento nos supostos de ocupacións destinadas ao uso público gratuito.

Co obxecto de incentivar mellores prácticas ambientais no sector da acuicultura, o canon reducirase un 40 por cento no suposto de concesionarios adheridos, con carácter permanente e continuado, ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS). Se non estiveren adheridos ao devandito sistema de xestión pero dispuxeren do sistema de xestión ambiental UNE-EN ISO 14001: 1996, os concesionarios terán unha redución do 25 por cento.

8. As comunidades autónomas e as corporacións locais estarán exentas do pagamento do canon de ocupación nas concesións ou autorizacións que se lles outorguen, sempre que estas non sexan obxecto de explotación lucrativa, directamente ou por terceiros. Igualmente, quedarán exentos do pagamento deste canon os supostos previstos no punto 2 do artigo 54 desta lei.

9. O devengo do canon, calculado de acordo cos criterios establecidos nos números anteriores, producirase co outorgamento inicial e mantemento anual da concesión ou autorización, e será exigible na contía que corresponda e nos prazos que se sinalen nas condicións da citada concesión ou autorización. No caso de aproveitamento, o devengo producirase cando aquel se leve a cabo.

No suposto de concesións de duración superior a un ano, cuxo canon se establecese ou fose revisado aplicando a Orde do 30 de outubro de 1992, do Ministerio de Obras Públicas e Transportes, pola que se determina a contía do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, este quedará actualizado anualmente, de forma automática, incrementando ou minorando a base do vixente mediante a aplicación a esta da variación experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo nos últimos doce meses, segundo os datos publicados anteriormente ao primeiro día de cada novo ano. O devengo do canon, cuxa base se actualizase segundo o exposto, será exigible nos prazos fixados nas condicións establecidas en cada título.

No caso das concesións de duración superior a un ano, cuxo canon non se establecese ou revisase aplicando a Orde do 30 de outubro de 1992, previamente procederase á súa revisión segundo esta. Unha vez realizada esta revisión, quedará actualizado anualmente tal como establece o parágrafo anterior.»

#### Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Esta lei ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, salvo as seguintes disposicións: o artigo 68, que constitúe a lexislación sobre comercio exterior ditada ao abeiro do artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución; e a disposición adicional sexta, que constitúe competencia exclusiva en materia de relacións internacionais ditada ao abeiro do artigo 149.1.3.<sup>a</sup>

2. Non son básicos o artigo 72.2 e a disposición adicional primeira, que serán só de aplicación á Administración xeral do Estado, aos seus organismos públicos e ás axencias estatais.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

O artigo 13 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, queda redactado do seguinte xeito:

#### «Artigo 13. *Da desalga, concepto e requisitos.*

1. Con carácter xeral, a actividade de desalga de auga mariña ou salobre queda sometida ao réxime xeral establecido nesta lei para o uso privado do dominio público hidráulico, sen prexuízo das autorizacións e concesións demaniais que sexan precisas de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e as demais que procedan de acordo coa lexislación sectorial aplicable.

2. As obras e instalacións de desalga declaradas de interese xeral do Estado poderán ser explotadas directamente polos órganos do Ministerio de Medio Ambiente, polas confederacións hidrográficas ou polas sociedades estatais a que se refire o capítulo II do título VIII de lei. Igualmente, de acordo co previsto no artigo 125, as comunidades de usuarios ou as xuntas centrais de usuarios poderán, mediante a subscripción dun convenio específico cos entes mencionados no inciso anterior, ser beneficiarias directas das obras e instalacións de desalga que os afecten.

3. As concesións de augas desalgadas serán outorgadas pola Administración xeral do Estado no caso de que esas augas se destinen ao seu uso nunha demarcación hidrográfica intercomunitaria.

No caso de se ter subscrito o convenio específico a que se fai referencia no último inciso do número 2, as concesións de augas desalgadas poderánselles outorgar directamente ás comunidades de usuarios ou xuntas centrais de usuarios.

4. Na forma que regulamentariamente se determine, tramitaranse nun só expediente as autorizacións e concesións que deban outorgar dous ou máis órganos ou organismos públicos da Administración xeral do Estado.

5. No suposto de que o uso non vaia ser directo e exclusivo do concesionario, a Administración concedente aprobará os valores máximos e mínimos das tarifas, que deberán incorporar as cotas de amortización das obras.

6. Os concesionarios da actividade de desalga e de augas desalgadas que teñan inscritos os seus dereitos no rexistro de augas poderán participar nas operacións dos centros de intercambio de dereitos de uso da auga a que se refire o artigo 71 desta lei.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

O artigo 19 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, queda redactado do seguinte xeito:

#### «Artigo 19. *O Consello Nacional da Auga.*

1. O Consello Nacional da Auga é o órgano superior de consulta e de participación na materia.

2. Forman parte do Consello Nacional da Auga:

- A Administración xeral do Estado.
- As comunidades autónomas.

- Os entes locais, a través da asociación de ámbito estatal con maior implantación.
- Os organismos de bacía.
- As organizacións profesionais e económicas máis representativas de ámbito estatal relacionadas cos distintos usos da auga.
- As organizacións sindicais e empresariais máis representativas no ámbito estatal.
- As entidades sen fins lucrativos de ámbito estatal cuxo obxecto estea constituído pola defensa de intereses ambientais.

3. A presidencia do Consello Nacional da Auga recaerá no titular do Ministerio de Medio Ambiente.

4. A súa composición e estrutura orgánica serán determinadas mediante real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.*

Un. Engádeselle unha nova disposición adicional novena á Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Redución da contaminación por verteduras de substancias perigosas ao medio mariño.*

1. Para reducir a contaminación por verteduras de substancias perigosas ao medio mariño, e co carácter de lexislación básica en materia de protección do ambiente ditada ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, establécense obxectivos de calidade do medio receptor para as verteduras realizadas desde terra ás augas interiores do litoral e ao mar territorial que poidan conter unha ou varias das substancias perigosas incluídas no anexo I, así como os métodos de medida e os procedementos de control, nos seguintes termos:

a) Os obxectivos de calidade no medio receptor para as substancias perigosas incluídas no anexo I serán, como mínimo, os que se especifican no citado anexo.

Poderanse admitir superacións dos obxectivos de calidade previstos no anexo I nos seguintes supostos:

a') Cando se constate que existe un enriquecemento natural das augas polas devanditas substancias.

b') Por causa de forza maior.

b) Os métodos de medida de referencia que se deberán utilizar para determinar a presenza de cada

unha das substancias perigosas do anexo I, así como a exactitude, a precisión e o límite de cuantificación do método aplicado, serán os establecidos no anexo II.

c) Para a vixilancia do cumprimento dos obxectivos de calidade fixados para as substancias do anexo I, empregarase o procedemento de control establecido no anexo III.

2. As autorizacións de verteduras outorgadas polos órganos competentes das comunidades autónomas fixarán, para cada unha das substancias perigosas do anexo I presentes nas verteduras, os valores límite de emisión, que se determinarán tomando en consideración os obxectivos de calidade recollidos no citado anexo, así como aqueles que, adicionalmente, fixen ou teñan fixados as comunidades autónomas.

3. Coa finalidade de alcanzar os obxectivos de calidade previstos nesta disposición adicional e na normativa autonómica e de conseguir a adecuación das características das verteduras aos límites que se fixen nas autorizacións ou nas súas modificacións, incluíranse nestas as actuacións previstas e os seus prazos de execución. Para iso teranse en conta as mellores técnicas dispoñibles e poderanse incluír disposicións específicas relativas á composición e ao emprego de substancias ou grupos de substancias, así como de produtos.

4. As medidas que se adopten en aplicación desta disposición adicional non poderán, en ningún caso, ter por efecto un aumento directo ou indirecto da contaminación das augas continentais, superficiais ou subterráneas, ou mariñas.

5. Para cumprir as obrigas de subministración de información á Comisión Europea, os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranlle á Dirección xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente os datos necesarios para cumprir o establecido na Directiva 91/692/CE, do 23 de decembro, sobre normalización e racionalización dos informes relativos á aplicación de determinadas directivas referentes ao ambiente.

6. O Goberno poderá modificar ou ampliar a relación de substancias, os obxectivos de calidade, os métodos de medida e o procedemento de control que figuran nos anexos I, II e III.»

Dous. Engádense os anexos I, II e III á Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, co seguinte contido:

## «ANEXO I

### Substancias perigosas e obxectivos de calidade

Grupo	N.º CAS	Parámetro	Obxectivo de calidade en augas µg/l (1)	Obxectivo de calidade en sedimento e biota
Metais e metaloides.	7440-38-2	Arsénico.	25	N.A.S. (2)
	7440-50-8	Cobre.	25	N.A.S.
	7440-02-0	Níquel.	25	N.A.S.
	7439-92-1	Chumbo.	10	N.A.S.
	7782-49-2	Selenio.	10	N.A.S.
	18540-29-9	Cromo VI.	5	N.A.S.
	7440-66-6	Cinc.	60	N.A.S.
Biocidas.	1912-24-9	Atrazina.	1	
	122-34-9	Simazina.	1	
	5915-41-3	Terbutilazina.	1	

Grupo	N.º CAS	Parámetro	Obxectivo de calidade en augas µg/l (1)	Obxectivo de calidade en sedimento e biota
	1582-09-8 115-29-7	Trifluralina. Endosulfan.	0,1 0,01	
VOC.	71-43-2 108-88-3 1330-20-7 100-41-4 71-55-6 36643-28-4	Benceno. Tolueno. Xileno. Etilbenceno. 1,1,1-Tricloroetano. Tributilestaño (TBT).	30 50 30 30 100 0,02	N.A.S.
Hidrocarburos aromáticos policíclicos (HPA).	91-20-3 120-12-7 206-44-0 50-32-8 205-99-2 191-24-2 207-08-9 193-39-5	Naftaleno. Antraceno. Fluoranteno. Benzo(a)pireno. Benzo(b)fluoranteno. Benzo(g,h,i)perileno. Benzo(k)fluoranteno. Indeno(1,2,3-cd)pireno.	5 0,1 0,1 0,1 0,1 0,1 0,1 0,1	N.A.S. N.A.S. N.A.S. N.A.S. N.A.S. N.A.S. N.A.S. N.A.S.

(1) Os obxectivos de calidade en augas mariñas refírense á concentración media anual, que se calculará como a media aritmética dos valores medidos nas mostras recollidas durante un ano. O 75% das mostras recollidas durante un ano non excederán os valores dos obxectivos de calidade establecidos. En ningún caso os valores atopados poderán superar en máis do 50% o valor do obxectivo de calidade proposto. Naqueles casos en que a concentración sexa inferior ao límite de cuantificación, para calcular a media utilizarase o límite de cuantificación dividido por dous. Se todas as medidas realizadas nun punto durante un ano son inferiores ao límite de cuantificación, non será necesario calcular ningunha media e simplemente se considerará que se cumpre a norma de calidade.

(2) N. A. S: A concentración do contaminante non deberá aumentar significativamente co tempo.

## ANEXO II

### Métodos de medida de referencia

Grupo	N.º CAS	Parámetro	Método (1)	Límite cuantificación (2)	Precisión	Exactitude
Metais e meta-loides.	7440-38-2	Arsénico.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	7440-50-8	Cobre.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	7440-02-0	Níquel.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	7439-92-1	Chumbo.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	7782-49-2	Selenio.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	18540-29-9	Cromo VI.	Espectrofotometría de absorción molecular.	10%	10%	10%
	7440-66-6	Cinc.	Espectrofotometría de absorción atómica.	10%	10%	10%
			Espectrofotometría de plasma.	10%	10%	10%
	Biocidas.	1912-24-9	Atrazina.	Cromatografía de gases		25%
Cromatografía líquida de alta resolución.				25%	25%	25%

Grupo	N.º CAS	Parámetro	Método (1)	Límite cuantificación (2)	Precisión	Exactitude	
VOC.	122-34-9	Simazina.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	5915-41-3	Terbutilazina.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	1582-09-8	Trifluralina.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
	115-29-7	Endosulfan.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
	VOC.	71-43-2	Benceno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%
		108-88-3	Tolueno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%
		1330-20-7	Xileno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%
		100-41-4	Etilbenceno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%
71-55-6		1,1,1-Tricloroetano.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
36643-28-4		Tributilestaño (TBT.)	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
Hidrocarburos aromáticos policíclicos (HPA).	91-20-3	Naftaleno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
	120-12-7	Antraceno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	191-24-2	Benzo (g,h,i)perileno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	50-32-8	Benzo(a)pireno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	205-99-2	Benzo(b)fluoranteno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	207-08-9	Benzo(k)fluoranteno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	206-44-0	Fluoranteno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
			Cromatografía líquida de alta resolución.	25%	25%	25%	
	193-39-5	Indeno(1,2,3,c,d) pireno.	Cromatografía de gases.	25%	25%	25%	
Cromatografía líquida de alta resolución.			25%	25%	25%		

(1) Os métodos utilizados serán normalizados. Poderán utilizarse métodos alternativos aos indicados sempre e cando se garantan os mesmos límites de cuantificación, precisión e exactitude que se recollen na táboa e non teñan descritas interferencias non corrixibles de substancias que poidan atoparse no ambiente simultaneamente co parámetro analizado.

(2) Entenderase como límite de cuantificación a menor cantidade cuantitativamente determinable nunha mostra sobre a base dun procedemento de traballo dado que poida aínda distinguirse de cero. A porcentaxe indicada refírese á porcentaxe do obxectivo de calidade establecido para cada contaminante.

### ANEXO III

#### Procedementos de control

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, o control das substancias do anexo I realizarase considerando o seguinte:

1. As mostras deberanse tomar en puntos o suficientemente próximos á vertedura para que poidan ser representativas da calidade do medio acuático na zona afectada polas verteduras.

2. Os valores dos metais pesados expresaranse como metal total.

3. As concentracións dos contaminantes en sedimentos determinarase na fracción fina, inferior a 63 mm, sobre peso seco. Naqueles casos en que a natureza do sedimento non permita realizar as análises sobre a esa fracción, determinarase a concentración dos contaminantes na inferior a 2 mm sobre peso seco.

4. As concentracións en biota determinarase en peso húmido, preferentemente en mexillón (*Mytilus sp*), ostra ou ameixa.

5. Os controis na matriz auga realizaranse, como mínimo, con periodicidade estacional. Agora ben, poderase reducir a frecuencia nos controis en función de criterios técnicos baseados nos resultados obtidos en anos anteriores.

6. As determinacións analíticas en sedimento e/ou biota efectuaranse, como mínimo, con periodicidade anual.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integridos da contaminación.*

O segundo parágrafo da disposición transitoria primeira queda redactado como segue:

«Para estes efectos, se a solicitude da autorización ambiental integrada se presentase antes do día 1 de xaneiro de 2007 e o órgano competente para outorgala non ditase resolución expresa sobre esta con anterioridade á data sinalada no parágrafo anterior, as instalacións existentes poderán continuar en funcionamento de forma provisoria ata que se dite a devandita resolución, por un prazo máximo de seis meses, sempre que cumpran todos os requisitos de carácter ambiental exixidos pola normativa sectorial aplicable.»

Disposición derradeira sétima. *Incorporación do dereito comunitario.*

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

En particular, facúltase o Goberno para introducir cambios nos anexos coa finalidade de adaptalos ás modificacións que, de ser o caso, introduza a normativa comunitaria.

Disposición derradeira novena. *Potestades regulamentarias en Ceuta e Melilla.*

As cidades de Ceuta e Melilla exercerán as potestades normativas regulamentarias que teñen atribuídas polas

leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, dentro do marco desta lei e das que o Estado promulgue para tal efecto.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

### ANEXO I

#### Tipos de hábitats naturais de interese comunitario cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación

##### INTERPRETACIÓN

No «Manual de interpretación dos hábitats da Unión Europea», aprobado polo comité establecido polo artigo 20 («Comité Hábitats») e publicado pola Comisión Europea (\*), ofrécense orientacións para a interpretación de cada tipo de hábitat.

O código corresponde ao código NATURA 2000.

O símbolo «\*» indica os tipos de hábitats prioritarios.

#### 1. HÁBITATS COSTEIRO E VEXETACIÓNS HALOFÍTICAS.

##### 11. Augas mariñas e medios de marea.

1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.

1120 \* Pradeiras de Posidonia (*Posidonium oceanicae*).

1130 Esteiros.

1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.

1150 \* Lagoas costeiras.

1160 Grandes calas e baías pouco profundas.

1170 Arrecifes.

1180 Estructuras submarinas causadas por emisións de gases.

##### 12. Acantilados marítimos e praias de coios.

1210 Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados.

1220 Vexetación perenne de bancos de coios.

1230 Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

1240 Acantilados con vexetación das costas mediterráneas con *Limonium spp.* endémicos.

1250 Acantilados con vexetación endémica das costas macaronésicas.

##### 13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais.

1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areentas.

1320 Pasteiros de Spartina (*Spartinion maritimi*).

1330 Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).

1340 \* Pasteiros salinos continentais.

14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos.

1410 Pasteiros salinos mediterráneos (*Juncetalia maritimi*).

1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (*Sarcocornetea fruticosae*).

1430 Matogueiras halo-nitrófilas (*Pegano-Salsoletea*).

15. Estepas continentais halófilas e xipsófilas.

1510 \* Estepas salinas mediterráneas (*Limonietalia*).

1520 \* Vexetación xipsícola ibérica (*Gypsophiletalia*).

1530 \* Estepas e marismas salinas panónicas.

16. Arquipélagos, costas e superficies emerxidas do Báltico boreal.

1610 Illas esker do Báltico con vexetación de praias de area, de rochas ou de coios e vexetación sublitoral.

1620 Illotes e illas pequenas do Báltico boreal.

1630 \* Pradeiras costeiras do Báltico boreal.

1640 Praias de area con vexetación vivaz do Báltico boreal.

1650 Calas estreitas do Báltico boreal.

## 2. DUNAS MARÍTIMAS E CONTINENTAIS.

21. Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico.

2110 Dunas móbiles embrionarias.

2120 Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).

2130 \* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).

2140 \* Dunas fixas descalcificadas con *Empetrum nigrum*.

2150 \* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*).

2160 Dunas con *Hippophaë rhamnoides*.

2170 Dunas con *Salix repens* spp. *argentea* (*Salicion arenariae*).

2180 Dunas arboradas das rexións atlánticas, continental e boreal.

2190 Depresións intradunais húmidas.

21A0 Machairs (\*en Irlanda).

22. Dunas marítimas das costas mediterráneas.

2210 Dunas fixas de litoral do *Crucianellion maritima*.

2220 Dunas con *Euphorbia terracina*.

2230 Dunas con céspedes do *Malcomietalia*.

2240 Dunas con céspedes do *Brachypodietalia* e de plantas anuais.

2250 \* Dunas litorais con *Juniperus* spp.

2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.

2270 \* Dunas con bosques *Pinus pinea* e/ou *Pinus pinaster*.

23. Dunas continentais, antigas e descalcificadas.

2310 Breixeiras psamófilas secas con *Calluna* e *Genista*.

2320 Breixeiras psamófilas secas con *Calluna* e *Empetrum nigrum*.

2330 Dunas continentais con pasteiros abertos con *Corynephorus* e *Agrostis*.

2340 \* Dunas continentais panónicas.

## 3. HÁBITATS DE AUGA DOCE.

31. Augas estancadas.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areentas (*Littorelletalia uniflorae*).

3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areentos do Mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.

3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.

3160 Lagos e estanques distróficos naturais.

3170 \* Estanques temporais mediterráneos.

3180 \* Turloughs.

3190 Lagos de karst en xeso.

31A0 \* Leitos de loto de lagos termais de Transilvania.

32. Augas correntes - tramos de cursos de auga con dinámica natural e seminatural (leitos menores, medios e maiores), en que a calidade da auga non presenta alteracións significativas.

3210 Ríos naturais de Fenoscandia.

3220 Ríos alpinos con vexetación herbácea nas súas beiras.

3230 Ríos alpinos con vexetación leñosa nas súas beiras de *Myricaria germanica*.

3240 Ríos alpinos con vexetación leñosa nas súas beiras de *Salix elaeagnos*.

3250 Ríos mediterráneos de caudal permanente con *Glaucium flavum*.

3260 Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.

3270 Ríos de beiras lamacentas con vexetación de *Chenopodium rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.

3280 Ríos mediterráneos de caudal permanente do *Paspalo-Agrostidion* con cortinas vexetais ribeirás de *Salix* e *Populus alba*.

